



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE SETEMBRO DO 2025.

Sesión 14/2025-P

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u> <u>PRESIDENTE</u> D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) <u>CONCELLEIROS</u> Grupo Sadamaioría (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña Grupo Unidos por Sada (UPSA) D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Breogán Blanco González Grupo Partido Popular de Sada (PP) D^a Esperanza María Arias Ferreiro D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito) Grupo Mixto (GM) D^a Almudena Pena Álvarez («PSOE», independente) D. Emilio Graña Mosquera («BNG») Non adscrito (NA) D. Fernando España López (Chano) <u>INTERVENTOR</u> D. Jaime Presas Beneyto <u>SECRETARIA</u> D^a María del Carmen Seoane Bouzas	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de setembro do 2025, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte
--	---

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de setembro do 2025 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 10, 12 e 13/2025).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 10, 12 e 13/2025, respectivamente ordinarias do 31 de xullo e 28 de agosto e extraordinaria e urxente do 11 de setembro, postas a disposición dos membros da Corporación.



Non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 18 de setembro do 2025, que recolle:

«1.- Adherirse ao Convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, publicado no BOE nº 54 de data 4 de marzo de 2025.

2.- Aceptar de forma incondicional a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexan de aplicación, podendo quedar adherido a calquera das solucións básicas obxecto deste convenio coas especificacións técnicas e funcionais que se recollen no seu anexo I.

3.- Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio, aceptando as decisións tomadas no seno de dita comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula.

4.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura da acta de adhesión que terá efectos dende a data de inscrición de dita acta no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio».

Intervenñen o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA), quen pon de manifesto unha carencia de persoal necesario para os efectos do funcionamento do convenio; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen di que espera que en breve se convoque a praza de informático que considera necesaria; a sra. Arias Ferreiro (PP), quen tamén pon o acento na falta de persoal informático e alude a un contido moi técnico e novamente o sr. Villar, para aclarar que se ben é certo que non hai un informático en persoal (*plantilla*) con todo si hai un servizo informático, unha empresa que acude dous días (en referencia á semana).

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 14 (7 SM, 4 UPSA, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: 3 PP.

Polo que queda aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Adherirse ao Convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, publicado no BOE nº 54 de data 4 de marzo de 2025.

2.- Aceptar de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexan de aplicación, podendo quedar adherido a calquera das solucións básicas, obxecto deste convenio coas especificacións técnicas e funcionais que se recollen no anexo I do mesmo.

3.- Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do convenio, aceptando as decisións tomadas no seno de dita comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula.

4.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura da acta de adhesión que terá efectos dende a data de inscrición de dita acta no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio.

3º.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30/25, SUPLEMENTO DE CRÉDITO 03/25.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000015

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 18 de setembro do 2025, que recolle:

«Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 30/25, o suplemento de crédito 03/25 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes nas aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 601.454,53 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Outro investimento de reposición en infraestrutura	228,092.71
2310.63200	Asistencia social primaria. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	15,000.00
2411.62200	Centro Formación Ocupacional. Investimento en edificios e outras construcións	84,013.30
3230.62200	Funcionamento centros docentes de ensino infantil e primario. Investimento en edificios e outras construcións	15,000.00
3230.63200	Funcionamento centros docentes de ensino infantil e primario. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	15,000.00
337.63200	Instalacións ocupación tempo libre. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	2,650.00
341.22609	Promoción e fomento do deporte. Actividades deportivas	20,000.00
342.21900	Instalacións deportivas. Mantemento outro inmovilizado material	6,000.00
342.22609	Instalacións deportivas. Actividades deportivas	15,000.00
342.22100	Instalacións deportivas. Outras subministracións	6,000.00
342.63200	Instalacións deportivas. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	125,219.77
442.60900	Infraestruturas do transporte. Outro investimento en infraestrutura	3,478.75
9200.22001	Administración xeral. Prensa, revistas, libros e outras publicacións	6,000.00
9200.63200	Administración xeral. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	50,000.00
931.22708	Política económica e fiscal. Servizos de recadación	10,000.00
TOTAL		601.454,53

Estado de ingresos

Subconceto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	601,454.53
TOTAL		601,454.53

Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor».

A secretaria aclara que o anterior está emendado porque detectouse un erro que afecta a un proxecto da avenida de Sada y sus contornos, que pasa de 228.092,71 a 242.326,95 euros e que iso incrementase no total da modificación.

Intervenien a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA), quen critica que se xestione facendo un uso reiterado da modificación de crédito e facendo sempre responsable á oposición, malia que con todo hai obras, reparacións e partidas nesta modificación de crédito que considera que deberan facerse e separarse doutras que non; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen manifesta que hai partes que preferiría que



fosen un orzamento e non unha modificación mais pensa que todas as partidas son necesarias; a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen lamenta a perda de tempo dos habilitados por erros de xestión do equipo de goberno, pregunta polo prego da piscina e afirma que non hai orzamento de 2025 debido a esa mala xestión e non por mor da oposición.

Intervén logo a sra. Arias Ferreiro (PP), quen se refire tamén á necesidade de contar cun orzamento municipal, alude igualmente a recorrer á posta do foco na oposición, incide na importancia do tema, en que se redactan e pagan moitos proxectos, aínda que tamén moito vai por contrato menor, pero ademais proxectos que di que se fan varias veces, con moitos custes polo mesmo (expón algún exemplo) e sen cumprir coas normas nin reclamar que se cumpran as esixencias contractuais.

Intervén a continuación a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), solicitando explicacións, en especial de legalidade, sobre esta modificación de crédito que di que non lles deron nin documentación ningunha, facendo referencia a varios exemplos, como as obras da avenida de Sada y sus contornos (recrimínalles ao sr. Graña e á sra. Pena que voten favorablemente, e mesmo indica que o seu grupo tamén é partícipe de facer unha selección do que se trae agora), pista de patinaxe, piscina, pavillón, edificios administrativos, capela e critica que se traian as cousas en partillas, esnaquizado de diferentes contratos intúen que como propostas de gasto, que existen explicacións de a onde van os cartos e onde están os informes favorables e critica que se continúe a contratar proxectos con xente que non responde ou que non se lles pidan explicacións.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), aclara que o que se aproba vai con todos os informes favorables, que o procedemento de modificación de crédito é un mecanismo totalmente normal, lícito e incluso aconsellable nos concellos con remanente de Tesourería, que por outra parte hai unha serie de investimentos que se poderían traer nun orzamento e outros que non, que amosaron unha total disposición para contestar a todas as preguntas na Comisión Informativa e que o que se aproba, é unha modificación de crédito, que é un suplemento de crédito dun orzamento municipal prorrogado, cumprindo con todos os requisitos e cunha situación económica que o permite facer. E remata a súa intervención preguntando se daquela vaise presentar algunha emenda.

A sra. Nogareda indica que non rematou o debate, que polo menos eles queren contestar na súa quenda de réplica antes de ser o caso de presentación dalgunha emenda; o presidente, sr. Portela, suxire que antes sería bo que se aclarase que partidas queren excluírse para así poder intentar defender na continuación do debate por que o equipo de goberno entende que deben manterse e a sra. Nogareda dirixíndose ao presidente insiste en que antes de presentar a emenda ten que resolver dúbidas.

Na quenda de réplica interveñen de novo os sres. España e Graña e as sras. Pena, Arias e Nogareda; así como o presidente, sr. Portela, o interventor e a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude, dando explicacións:

«SRA. MOURIÑO: Vamos a ver, creo que non entenderon ben cando leron a frase da OCA en concreto. Pon 'Redacción de proxecto eléctrico e subsanacións de deficiencias'; son dúas cousas, non é unha única obra, unha é unha redacción dun proxecto eléctrico para o cal se pediron varios orzamentos para ter unha idea do que pode custar, porque certamente un edificio que ten 98 anos o proxecto eléctrico inicial non obra no concello, hai que redactalo de cero, pero si que é certo que hai unha parte máis nova do edificio que si que están en Urbanismo os planos. En todo caso pedíronse orzamentos e andan entre os 4.700 euros aproximadamente.

A maiores diso incluíronse ata eses 15.000, que queren vostedes enganar á cidadanía, para a emenda das deficiencias. Vou ler (le un pequeno extracto do documento). Así temos unha páxina de deficiencias que hai que emendar. Para iso é unha parte deses 15.000 euros e ademais para a redacción do proxecto eléctrico, que como dicía anda entre os catro e os cinco mil euros.

A sra. Nogareda indica que a pregunta é se é un caso de obra maior non corresponde ao concello. Continúa a sra. Mouriño:

«SRA. MOURIÑO: Non é unha obra maior; é a resposta, non é unha obra maior. Unha cuestión é unha redacción de proxecto eléctrico e outra é unha emenda de deficiencias que aínda non sabemos canto pode custar, que igual temos a sorte e cos orzamentos dentro do contrato menor que se pode contratar dentro do contrato menor pois hai unha oferta máis económica e eses cartos seguirían no concello. O que pasa é que o que dicía o alcalde habrá que consignar as partidas de crédito para poder continuar con estes trámites».



Finalmente, o presidente pregunta antes de votar se alguén quere presentar unha emenda; non se presenta ningunha.

A continuación procédese a votar o asunto, emendado segundo se indicou ao principio pola secretaria, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 4 UPSA.
- Abstencións: 4 (3 PP e 1 NA).

Polo que queda aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar dentro do expediente de modificación de créditos 30/25, o suplemento de crédito 03/25 financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais , debendo ser incrementados os créditos correspondentes nas aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 615.688,77 € coas finalidade previstas na memoria que consta no expediente.

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación vías públicas. Outro investimento de reposición en infraestrutura	242,326.95
2310.63200	Asistencia social primaria. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	15,000.00
2411.62200	Centro Formación Ocupacional. Investimento en edificios e outras construcións	84,013.30
3230.62200	Funcionamento centros docentes de ensino infantil e primario. Investimento en edificios e outras construcións	15,000.00
3230.63200	Funcionamento centros docentes de ensino infantil e primario. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	15,000.00
337.63200	Instalacións ocupación tempo libre. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	2,650.00
341.22609	Promoción e fomento do deporte. Actividades deportivas	20,000.00
342.21900	Instalacións deportivas. Mantemento outro inmovilizado material	6,000.00
342.22609	Instalacións deportivas. Actividades deportivas	15,000.00
342.22100	Instalacións deportivas. Outras subministracións	6,000.00
342.63200	Instalacións deportivas. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	125,219.77
442.60900	Infraestruturas do transporte. Outro investimento en infraestrutura	3,478.75
9200.22001	Administración xeral. Prensa, revistas, libros e outras publicacións	6,000.00
9200.63200	Administración xeral. Investimento de reposición en edificios e outras construcións	50,000.00
931.22708	Política económica e fiscal. Servizos de recadación	10,000.00
TOTAL		615.688,77

Estado de ingresos

Subconceto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	615,688.77
TOTAL		615,688.77



Segundo.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formulasen reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.

4º.- BONIFICACIÓN DO ICIO DA OBRA NA RÚA ORIENTE NÚMERO 10.

A secretaria dá lectura o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral na súa sesión ordinaria do 18 de setembro do 2025, que recolle:

«Primeiro: Declarar á obra de reestruturación de edificio para o seu uso como establecemento hoteleiro e cafetería, no número 10 da Rúa Oriente, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias histórico artísticas por estar catalogado no PXOM de Sada co código 8-3.30 cun grao de protección ambiental.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95 % da cota do ICIO liquidado (5.678,00 euros) polo importe de 5.394,10 euros».

Intervenien a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición e xustificación da proposta; o sr. España López (NA), quen ve como bo que se invista en Sada e de maneira legal, mais critica a falta de interese do goberno municipal por impulsar, axudar e dinamizar á hostalaría local, que di que é a principal industria, o principal pulmón de facturación e de dar traballo no municipio; os membros do grupo municipal mixto e os representantes dos grupos municipais do PP e de APSU unicamente interveñan para indicar que han votar a favor.

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar á obra de reestruturación de edificio para o seu uso como establecemento hoteleiro e cafetería, no número 10 da Rúa Oriente, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias histórico artísticas por estar catalogado no PXOM de Sada co código 8-3.30 cun grao de protección ambiental.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95 % da cota do ICIO liquidado (5.678,00 euros) polo importe de 5.394,10 euros.

5º.- BOLSAS DE COMEDOR BASEADAS NA RENDA FAMILIAR.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), xustifica a urxencia deste punto, non ditaminado previamente:

«A urxencia das bolsas ('becas') comedor vén dada porque hai unha partida que se financia e a metade vai con cargo ao orzamento 2025 e para poder no ano 2025 poder así, 'bueno', asinar ese anticipo os solicitantes que sexan, que cumpran cos requisitos establecidos nas Bases. Hai orzamento 2025, intentar telas concedidas no 2025, poder ter concedidas no 2025 o 50% do anticipo, que é o que temos consignado orzamentariamente».

Seguidamente, vótase sobre a urxencia de tratar este asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.



— Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba a urxencia por unanimidade.

A continuación, a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude expón un resumo da proposta da Alcaldía do 23 de setembro do 2025, que consta no expediente e cuxo texto reproducése a continuación literalmente:

«PROPOSTA DE ACORDO: Bolsas comedor escolar curso 2025/26

No pleno ordinario do mes de xaneiro adoptáronse, entre outros, os seguintes acordos en relación coa achega municipal para o cofinanciamento dos comedores escolares:

“1. Iniciar o expediente administrativo para incluír no PES unha liña de subvención consistente en bolsas de comedor que priorice a asignación de axudas en función da renda das familias, asegurando que os recursos cheguen de maneira xusta e equitativa a quen máis o precisa, priorizando a equidade e a inclusión social, e incluíndo no expediente os mecanismos necesarios para garantir a transparencia do proceso.

2. Iniciar o expediente para destinar a mesma cantidade que os fondos actualmente consignados á subvención nominativa á ANPA do CEIP Pedro Barrié de la Maza a esa liña de subvención.”

Con data 17.03.2025 dítase providencia da alcaldía na que, entre outros puntos, dispónse:

1. **“Primeiro:** que se tramite a modificación da liña 5.4 do PES 2024/2026, mudando o actual réxime de subvención nominativa para pasar a unha liña de «Bolsas para o pago de comedor escolar baseadas na renda familiar» que se tramiten baixo o réxime de concorrencia competitiva.
2. **Segundo:** iniciar a tramitación de expediente para a aprobación plenaria das Bases Reguladoras da dita convocatoria. A subvención dirixirase ao conxunto das persoas usuarias de comedores escolares xestionados por ANPAs en centros escolares do termo municipal, con importes de axuda variables segundo os requisitos de renda que se establezan regulamentariamente.”

O Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 2025-08-19 adoptou o acordo a modificación do Plan estratéxico de subvencións substituíndo a liña de subvencións 5.4 do PES 2024-2026 denominada “Axudas nominativas para xestionar o servizo de comedor escolar” por unha nova liña de subvención LS 5.4 coa denominación de “Bolsas de comedor baseadas na renda familiar” estimado un gasto para o curso 2025/26 de 41.800 €

Por acordo do Pleno en sesión celebrada o pasado 28.08.2025 apróbase a inclusión no expediente das bolsas comedor de proposta de bases achegadas no mesmo. No apartado 4 das bases propostas recóllese:

Neste apartado a proposta, tendo en conta a advertencia do informe xurídico de secretaría do principio de non discriminación, as cantidades outorgadas ás familias beneficiarias, debería ser equivalente á cantidade que se bonifica no comedor do centro escolar xestionado polo propio Concello (CEIP Sada y Sus Contornos)

A bonificación para as persoas usuarias do comedor do CEIP Sada y sus Contornos, xestionado directamente polo Concello, ven dada polo diferenza entre o prezo do contrato do servizo de comedor (exte 2023/C004/000003) e as tarifas do propio servizo contempladas no PCAP do mesmo.

Por outra banda consta convenio asinado o 28.07.2023 coa Xunta de Galicia polo que esta cofinancia o servizo de comedor escolar no CEIP Sada y sus Contornos a razón de 27.412 € por curso para un total de 70 usuarios (175 días lectivos)

Deste xeito a bonificación para os usuarios do comedor no CEIP Sada y sus Contornos para o curso 2025/26 pode resumirse:

N.º irmáns/ás no comedor por unidade familiar	Prezo servizo IVE incluído	Tarifa usuarios	Bonificación total	Subvención Xunta	Bonificación Municipal
1	4,95	3,50	1,45	2,24	0,00
2º irmán/á	4,95	2,63	2,32	2,24	0,08
3º irmán/á	4,95	1,75	3,20	2,24	0,96
Ingresos	4,95	1,75	3,20	2,24	0,96



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000015

< 7000					
--------	--	--	--	--	--

No relativo aos comedores escolares xestionados polas ANPAS, como é o caso do CEIP Pedro Barrié de la Maza, pola Orden de 2 de setembro de 2024, se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes da consellería, para o curso académico 2023/24 (DOG nº 173 do 9 de setembro do 2024). A falta de normativa máis actualizada, e prevendo unha regulación similar para o presente exercicio, nesta outórgase unha axuda de 0,72 € por menú diario para comedores no rango de entre 101 e 200 menús.

Á hora de aplicar o acordo plenario relativo a equiparar as bonificacións aos usuarios dos comedores escolares coas bolsas comedor sen diferenciar o xeito de xestión dos mesmos, propónse interpretar que as axudas que o concello outorgue ás persoas usuarias dos servizos de comedor escolar en xestión privada debe ser igual á bonificación que se lle aplica ás usuarias do comedor escolar do CEIP Sada y sus Contornos incluíndo a achega municipal e a diferenza (devida ao xeito de xestión elixido polo ANPA) na achega autonómica. Deste xeito o importe das subvención regulado no apartado 4 das bases quedaría:

N.º irmáns/ás no comedor por unidade familiar	Bonificación total	Subvención Xunta	Bonificación Municipal	Subvención mensual*
1	1,45	0,72	0,73	12,78
2º irmán/á	2,32	0,72	1,60	28,00
3º irmán/á	3,20	0,72	2,48	43,40
Ingresos < 7000	3,20	0,72	2,48	43,40

*175 días lectivos en 10 meses

Fronte a outra posible interpretación que tería en conta que a subvención autonómica depende do xeito de xestión libremente elixido pola ANPA, polo que a equiparación das axudas que o concello outorgase aos usuarios dos servizos de comedor escolar en xestión privada coa á bonificación que se lle aplica aos usuarios dos comedores escolares do CEIP Sada y sus Contornos, podería calcularse de maneira que o efecto da decisión da ANPA sexa neutro para o orzamento municipal e, polo tanto, comparando unicamente a achega do concello.

Finalmente, a instancias da intervención municipal, inclúense pequenas modificacións no apartado 3 das bases para adaptar a inclusión do anticipo das bolsas á normativa orzamentaria das entidades locais.

Por canto antecede que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras cos anexos de solicitude e convocar a liña de subvencións LS 5.4 do PES 2024-2026, denominada «Bolsas de comedor baseadas na renda familiar».

Segundo.- Autorizar con carácter plurianual o gasto total por un importe máximo de 41.800 euros, que se financiará no importe de 20.900 € con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000 do Orzamento Municipal 2025, imputándose o resto no módulo de exercicios futuros ao orzamento 2026

Terceiro.- Ordenar a publicación das bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións, así como a publicación das bases e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal, que se reproducen a continuación:

AXUDAS - BOLSA COMEDOR CURSO 2025/2026

1.- OBXECTO

1.1.- O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar xestionado por ANPAS, na modalidade presencial de luns a venres e durante o período lectivo do curso escolar 2025/2026, para o alumnado



escolarizado no Concello de Sada. Ten orixe a presente liña de subvención na suprimida subvención directa que se concedía ao ANPA de Mondego para o servizo de comedor, polo que para o resto de centros escolares, incluída a escola infantil municipal, procederase ao estudo e creación, no seu caso da liña correspondente de subvencións para que o alumnado das distintas ensinanzas sostidas con fondos públicos e comedores escolares de xestión municipal do concello de Sada se atopen tratados con criterios homoxéneos e non discriminatorios.

1.2.- Para o goce das bolsas de comedor escolar será necesario que a persoa beneficiaria realice as xestións oportunas para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR

2.1.- A convocatoria rexeráse pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.2.- A convocatoria estará ao dispor das persoas interesadas na web municipal do Concello de Sada ([sada.gal](https://sede.sada.gal)) e na Base de Datos Nacional de Subvencións. Un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 41.800€.

A base 15 da presente convocatoria prevé a posibilidade de anticipo dun 50% da subvención concedida polo que do dito importe imputárase un máximo de 20.900 € ao exercicio do 2025 e o resto imputárase ao orzamento municipal do 2026.

A concesión efectiva do importe da bolsa de comedor imputable ao exercicio 2026 quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal correspondente.

Este gasto imputárase á aplicación 326.48000 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda. No caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou dunha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión destas bolsas comedor, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria.

4.- LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa ven definida polo seguinte baremo:

N.º irmáns/ás no comedor por unidade familiar	Subvención menú diario	Subvención mensual*
1	0,73	12,78
2º irmán/á	1,60	28,00
3º irmán/á	2,48	43,40
Ingresos < 7000	2,48	43,40

*175 días lectivos en 10 meses

Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

4.2.- A axuda concedida será por un máximo de 10 meses, que corresponden á duración do curso escolar.

4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor, como poden ser o seguro, as cotas de alta



nas ANPAS ou outros conceptos que facturen as empresas prestadoras do servizo ou as entidades xestoras, que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.

5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1.- Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos localizados no municipio de Sada nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil e primaria, que dispoñan dun servizo de comedor xestionado por ANPAS con autorización da Consellería competente para prestar o servizo de comedor escolar.

5.2.- Esta axuda non é compatible con comedores escolares de xestión municipal.

5.2.- Terá calidade de persoa solicitante a persoa asinante da solicitude (pai, nai, titor/a).

5.3.- Terá calidade de persoa beneficiaria o alumnado menor de idade.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- Para ter a condición de persoa beneficiaria, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos que deberán manterse desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización da actividade subvencionada:

- Estar matriculado nun centro educativo do termo municipal que conte con servizo de comedor autorizado, ou ter solicitado a matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería.*
- Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).*

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE BOLSA COMEDOR

7.1.- Realizar as xestións oportunas coa entidade xestora do servizo de comedor para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Asistir ao comedor durante o período lectivo (setembro a xuño) desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado. Os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.

7.3.- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia ao comedor escolar a través da plataforma que facilite a entidade xestora, sendo a ANPA quen remita un informe mensual por rexistro de entrada co detalle de nome e días das faltas de asistencia e a xustificación dada, de ser o caso, así como das variacións de altas/baixas/incidencias que podan ter lugar respecto do mes anterior. Máis de quince ausencias sen xustificar conlevará a baixa das becas comedor. Así mesmo ao comezo da prestación do servizo remitirase pola ANPA e polos mesmos medios unha listaxe coa identificación dos alumnos e alumnas inscritos.

7.4.- Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.

7.5.- Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, entes públicos ou entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

7.6.- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

7.7.- Comunicar aos servizos municipais durante o curso escolar aqueles cambios na súa situación económica ou socio-familiar que poidan supoñer cambios na puntuación que orixinalmente deu lugar á concesión da axuda.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1.- A bolsa comedor solicitarase presentando a documentación a través do rexistro municipal, ben de forma presencial ou a través do



rexistro electrónico na sede electrónica municipal (sede.sada.gal). De xeito alternativo, a solicitude poderá presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A solicitude deberá acompañarse de:

- O anexo de solicitude específica deseñada para a convocatoria (ANEXO I), debidamente asinado pola persoa representante legal do menor que solicita a axuda.
- A documentación obrigatoria, que se sinala no apartado 10 desta convocatoria.
- A documentación complementaria, no caso de que sexa necesaria, segundo se recolle no apartado 11 desta convocatoria.

8.2.- O rexistro municipal facilitará copias desta solicitude, que tamén estará dispoñible para descarga na web municipal.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

8.4.- Todas as listaxes desta convocatoria que sexan obxecto de publicación, identificarán ao solicitante desta axuda referenciando o DNI/NIE da nai, pai, titor/a.

9.- CRITERIOS PARA VALORAR AS SOLICITUDES

9.1.- Na valoración comparativa das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo pola mesma a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas:

- A persoa solicitante.
- Os/as seus irmáns/ás menores de 21 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou as persoas que ostenten a súa tutela.

9.2.- A valoración das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- Situación económica da unidade familiar nuclear.
- Situación socio-familiar.

9.3.- Situación económica da unidade familiar nuclear:

9.3.1.- O cálculo da situación económica virá determinada pola renda per cápita do núcleo da unidade familiar (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da dita unidade.

9.3.2.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

1. A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do último exercicio dispoñible.

Con carácter xeral: $\text{casiña } 435 + \text{casiña } 460 - \text{casiña } 595 = X$

Este resultado (X) dividirase entre o nº de membros da unidade familiar.

No caso de que a declaración fose presentada na modalidade conxunta para ambos os proxenitores, pero no caso que a configuración actual da unidade familiar no prazo de presentación das solicitudes, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

2. No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, será preciso o certificado de imputación de rendas do último exercicio dispoñible.
3. Unha vez fixada a renda per cápita da unidade familiar nuclear aplicaranse os seguintes baremos:

RENDA PER CÁPITA (RPC)	PUNTUACIÓN
Ata 6.000,00 €	10 puntos



De 6.000,01 € ata 7.000,00 €	8 puntos
De 7.000,01 € ata 8.000,00 €	6 puntos
Máis de 8.000,01 €	0 puntos

9.4.- Situación socio-familiar:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras	2 puntos
Acreditación de familia monoparental	2 puntos
Acreditación de familias numerosas	2 puntos

A puntuación neste apartado é acumulable.

9.5.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta automática de datos entre administracións.

O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.6.- As solicitudes serán ordenadas, establecendo unha orde de prelación de maior a menor puntuación.

9.7.- Poderán gozar da bolsa todas as solicitudes concedidas, segundo a orde de prelación resultante, ata esgotar os 41.800 € do crédito dispoñible.

9.8.- Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, estableceranse como medidas de desempate os seguintes criterios:

1. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear.
2. Puntuación obtida no apartado de valoración incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
3. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación socio-familiar.

10.- DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

Deberá de achegarse en todas as solicitudes a seguinte documentación:

10.1- Modelo de solicitude específica para a convocatoria (ANEXO I) cuberto pola persoa solicitante (nai, pai, titor/a) da persoa beneficiaria (alumno/a).

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante acredita o cumprimento dos requisitos.

Ademais, as persoas solicitantes deberán aportar un certificado de matriculación nun centro educativo do termo municipal que conte con comedor escolar xestionado por ANPA e autorizado pola Consellería competente. No caso de que o proceso de matriculación non estivese finalizado aportarase o xustificante de solicitude de matrícula.

Coa sinatura da solicitude, autorízase ao Concello de Sada para consultar o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias:

- Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e a AEAT.

No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitude os certificados correspondentes.

Na mesma solicitude asinarase unha declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias, recollidas no apartado 7 desta convocatoria.

10.2. Certificado de estar a corrente de obrigas tributarias coa Facenda galega (ATRIGA).



10.3. *Copia do Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa beneficiaria, a documentación xudicial ou administrativa que acredite este vínculo.*

10.4.- *Segundo estea atribuída ou exercida a custodia do/a menor solicitante da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:*

A) *Custodia atribuída ou exercida por unha persoa proxenitora:*

A.1) *Existencia dunha única persoa proxenitora.*

Neste caso presentarse copia do libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.

A.2) *Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante.*

Presentarse unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.

B) *Custodia atribuída ou exercida por dúas persoas proxenitoras:*

B.1) *Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial. Neste caso presentarse copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente.*

B.2) *Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia sen sentenza xudicial. Neste caso sinalarse no anexo esta circunstancia.*

10.5.- *Declaración IRPF: Presentarse copia da declaración da renda das persoas físicas do último exercicio dispoñible, ou ben o certificado de imputación de rendas nos casos que corresponda.*

De non aportar esta documentación, a valoración que corresponda por este apartado será de 0 puntos.

11.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS PARA A VALORACIÓN DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR NUCLEAR

11.1.- *Incompatibilidade horaria.*

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación polas persoas que teñan a custodia da/o menor solicitante:

A. *No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante, con data actualizada ao momento desta solicitude, no que consten os datos do traballador/a así como o seu horario laboral. O certificado debe contar coa firma da persoa responsable e/ou selo da empresa.*

B. *No caso de traballadoras/es por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no Anexo I, debendo achegar unha declaración responsable alegando esta incompatibilidade horaria e o informe de “situación actual do traballador”, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitude.

Para as persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 10.4 A.1) e A.2), deberá acreditar a incompatibilidade horaria a persoa que figure como representante legal na solicitude.

11.2.- *Situación socio-familiar.*

A. *A situación de monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.*

B. *A situación de familia numerosa acreditarase mediante a presentación da copia do título/carné expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.*



12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instructor do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecido no apartado 10 desta convocatoria.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios situado na sede electrónica do Concello, para que emenden as faltas detectadas

12.3.- Para valorar as solicitudes presentadas nomearase unha “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor.

12.4.- O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, que, debidamente motivada, publicarase no taboleiro de anuncios municipal situado na sede electrónica do Concello.

Esta proposta indicará a listaxe de persoas beneficiarias propostas con axuda concedida, como resultado de aplicar os criterios establecidos desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e as que non fosen obxecto de valoración por presentarse fóra de prazo ou por ter a persoa solicitante desistido da súa solicitude.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

13.- PROCEDEMENTO: ALEGACIÓN, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

13.1.- Durante o prazo de alegacións que conforme á normativa aplicable se conceda non serán tidos en conta novos documentos que non foran aportados na fase anterior.

13.2.- Despois de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se elevará ao órgano instructor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva nos medios indicados no apartado 12.2, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas solicitantes, a subvención entenderase como aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente resolverá a convocatoria. Esta resolución indicará as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.

13.4.- A resolución que resolva a convocatoria porá fin á vía administrativa, podendo contra este acto interpoñer as persoas interesadas os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o órgano que adopta a resolución, con carácter potestativo, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.



14.- RENUNCIA, SUSPENSIÓN DO SERVIZO, BAIXA E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS.

14.1.- As persoas beneficiarias poderán renunciar de forma expresa á bolsa concedida, debendo presentar a dita renuncia no rexistro municipal.

14.2.- Os servizos municipais proporán de oficio a baixa como beneficiario/a da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a concesión da axuda.
- b) Comunicación ao Concello de Sada por parte da entidade xestora do comedor, ANPA, de que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo no prazo habilitado (reserva de praza, matrícula...) ou de que a realizase incumprindo as condicións e requisitos desta convocatoria.
- c) Incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- d) Falta de asistencia sen xustificar ao comedor, continua ou intermitente, durante máis de quince días lectivos sen motivo xustificado, salvo as excepcións mencionadas no apartado 14.3. Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar, ademais de comprobar a documentación sinalada no apartado 7.3.
- e) Incumprimento das obrigas que conleva a condición de beneficiaria, ou perda do cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor, entre outros). Procederase á baixa de oficio de calquera beneficiaria na que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar.

No caso de que concurra algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de dez (10) días hábiles para realizar alegacións. Para a apertura deste prazo, realizarase a notificación colectiva en taboleiro de anuncios e edictos municipal, conforme o previsto no apartado 12 desta convocatoria.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instructor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

14.3.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- a) No caso de que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar temporalmente.
- b) Cando as persoas beneficiarias de bolsa realizasen en prazo coa empresa xestora do comedor os trámites para a incorporación ao mesmo pero esta non resulte posible por non existir prazas suficientes para cubrir a demanda do servizo.
- c) Tamén poderá suspenderse a concesión da bolsa no caso de que se produza o peche dun comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións así como as circunstancias que motivaron esta suspensión para cada menor.

O goce e pago da bolsa comedor poderá reactivarse nos casos en que finalice a causa que motivou a suspensión.

15.- PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO PROVEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

O pago da subvención realizarase a cada persoa beneficiaria unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e unha declaración xurada sobre a asistencia continuada coa excepción da ausencia e xustificación, no seu caso.

Co obxectivo de favorecer a conciliación e garantir unha maior axilidade no acceso ás axudas, o concello poderá adiantar ata o 50% da contía da subvención no momento da resolución favorable da concesión. O importe restante aboaráse unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e a correspondente declaración xurada sobre a asistencia continuada, coa excepción das ausencias



xustificadas.

16.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

16.1. Os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestionar o procedemento de concesión da bolsa comedor, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o responsable do mesmo o Concello de Sada, de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

16.2. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Sada, nos termos establecidos nos artigos 13 e 18 da dita Lei, a través da sede electrónica do Concello de Sada (<https://sede.sada.gal>), empregando o procedemento “Exercicio de dereitos sobre os datos de carácter persoal” que se atopa no apartado de “Outros Procedementos e Trámites”.

ANEXO I - Solicitud Bolsa Comedor Escolar xestionado por ANPAs

DATOS DA/O ALUMNA/O SOLICITANTE

Nome:	
Apelidos:	
Número de NIF / NIE:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome:	
Apelidos:	
Número de NIF / NIE:	

DATOS DE CONTACTO

Dirección postal:					
Código Postal:		Municipio:			
Provincia:					
Correo electrónico:		Tlf. Móbil:		Tlf. Fixo:	
☐ Autorizo ao Concello de Sada a usar a miña caixa de correos electrónica como medio de comunicación de avisos ou aclaracións relacionadas coa xestión do procedemento. En todo caso, son consciente de que as notificacións realizaranse a través da canle establecida: Taboleiro de Anuncios sede electrónica: https://sede.sada.gal/sxc/gl/informacion/					

CENTRO EDUCATIVO PARA O QUE SOLICITA A BOLSA COMEDOR

Nome do centro:	
-----------------	--



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000015

Matrícula (marque o que corresponda):	☐	A solicitante xa está matriculada	☐	Solicitou matrícula en prazo	☐
---------------------------------------	--------------------------	-----------------------------------	--------------------------	------------------------------	--------------------------

IRMÁNS MENORES DE 21 ANOS CONVIVINTES COA PERSOA SOLICITANTE NO NÚCLEO FAMILIAR (marque o que corresponda)

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	Solicitante da Bolsa Comedor Escolar para o mesmo curso:
		☐ Si / Non ☐
		☐ Si / Non ☐
		☐ Si / Non ☐
		☐ Si / Non ☐
		☐ Si / Non ☐

CIRCUNSTANCIAS A TER EN CONTA PARA VALORAR A SOLICITUDE

a) **Situación socio-familiar** (marque o que corresponda)

Incompatibilidade horaria das persoas ao cargo, en situación de traballo por conta allea	☐ Si / Non ☐
Incompatibilidade horaria das persoas ao cargo, en situación de traballo por conta propia	☐ Si / Non ☐
Familia monoparental	☐ Si / Non ☐
Familia numerosa	☐ Si / Non ☐

b) **Situación económica da unidade familiar nuclear** (marque o que corresponda)

A suma do total de ingresos das persoas proxenitoras, titoras ou coa garda e custodia da solicitante, dividido polo número de persoas da unidade familiar da como resultado unha cifra:	Menor que 6.000,00€	☐
	Entre 6.000,01 e 7.000,00€	☐
	Entre 7.000,01 e 8.000,00€	☐
	Maior que 8.000,01€	☐

c) **Número de irmáns da unidade familiar usuarios do comedor e nomes:**

AUTORIZACIÓNS PARA CONSULTA DE DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS, TITORAS OU AO CARGO

Autorizo ao Concello de Sada para a consulta do cumprimento das obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social	☐ Si / Non ☐
--	--



- No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitude os certificados correspondentes.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro cos requisitos para solicitar a bolsa comedor e que:	Comprométome a cumprir coas obrigas da convocatoria de Bolsas para Comedor Escolar, recollidas na base reguladora núm. 7	☐
	Atópome ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social	☐
	Non incorro en causa de prohibición para percibir subvencións ou axudas públicas segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións	☐
	Traballo por conta propia e teño incompatibilidade horaria e presento informe de "situación actual do traballador"	☐

Sada, ____ de ____ de 20____

Sinatura da persoa representante».

Intervén o sr. España López (NA), quen critica que este asunto non se tivese levado á Comisión Informativa da semana pasada e máis aínda que non se tivese incluído na Orde do día do Pleno e afirma que estas bolsas comedor son necesarias, pelexadas e loitadas por persoas que non foron nin a concelleira responsable de Educación (o presidente diríxese a unhas persoas do público asistente pedíndolles que por favor manteñan a orde pública ou senón ha ter que expulsalas) nin de ningún concelleiro do goberno municipal e grazas a que outras persoas fixeron o seu traballo o resultado vaise ver hoxe.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), vólvese dirixir a unha parte do público pedindo silencio e respecto aos membros da Corporación, elixidos pola xente, coa advertencia de que de non ser así han ter que deixar de asistir aos Plenos.

A continuación intervén o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), quen aclara que isto é competencia da Xunta e que ademais no BNG creen que houbo moito ruído de fóra e que o que se trae agora non vai supoñer ningún avance, ningunha mellora neste aspecto, polo que vai votar en contra.

Intervén a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen cre que é importantísimo que agora estean baseadas na renda familiar e noutros puntos que facilitan a vida ás familias e non que se traten de forma igual e recorda que isto axilizouse grazas a dúas mocións de Unidos por Sada (UPSA), que vai case ano e medio, catro informes xurídicos, varios Plenos, dúas mocións e reunións e que cre que por fin hanse aprobar.

Intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), quen di que coma sempre se chega tarde, mal e arrastro e afea que se lle chame ruído ás queixas e necesidades das familias neste eido, sexan moitas ou poucas ou mesmo unha soa.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen pregunta ao interventor polo custe do menú e expón datos de mellora con respecto do custe do prato, di que o ruído de fóra dá igual e tampouco cómpre por competencia trasladalo a un Consello Escolar; que si coinciden en que é competencia da Xunta pero que non a está asumindo, que hai un problema, que hai familias que o necesitan e que simplemente han resolver o tema; solicita tamén algunhas aclaracións sobre a forma de interpretación do contido na proposta e outros aspectos e a maiores alude á forma e tempos de traslado da documentación, á falta da achega do historial do expediente e en especial refírese a unha dilixencia de advertencias que le textualmente e sobre a que comenta que se segue a non ter claro quen ten que facer as cousas ou que se perde o tempo con traslados a quen non corresponde.



O presidente, sr. Portela, dá aclaracións sobre esta subvención:

«SR. PORTELA: Alégrame, porque despois de tanto debate tenso, agre ('agrio') e tremendo pois algunha vez habemos falar de cifras aquí porque ao final é unha subvención que damos para o comedor de Mondego e, 'bueno', pois polo menos hoxe de verdade habemos poder falar da axuda que fai o concello de Sada para un servizo que non é competencia propia desde hai moitos anos. E si, sra. Nogareda, vostede fixo a proposta, a axuda é directa, o interventor fixo un cadro explicativo comparativo para facelo comparado e asimilado a Sada e contornos pero realmente a axuda é directa ás familias cos criterios que resumiu a sra. Mouriño, non sei se quedou algún dos..., e a axuda será totalmente directa, co anticipo do 50%, que ben sabe que coincidiamos antes de que o presentaran, ou dá igual, presentáronos vostedes e nós tamén, estaba todo xa establecido no 50% porque é certo que corremos un perigo se non facemos ese 50% que sería pois que as familias, e sobre todo as familias que teñen máis axuda terían que adiantar moitos máis cartos dos que pagaría a día de hoxe, porque...

Quería falar dunha cifra, de que, non sei por que sempre que intentei falar neste pleno non puiden acabar, había unha tensión importante, que é a diferenza que está financiando a ANPA a todos por igual, como dixo a sra. Pena, para todos por igual, pero hai unha diferenza da que nunca se fala, é unha diferenza que é exactamente de 210 euros ao ano a día de hoxe, é o que paga a ANPA a cada un dos usuarios, porque o custe do menú vale 9,48 euros e están cobrando 7,40; hai esa diferenza de 210 euros anuais, como cobran por dez meses 21 euros mensuais.

Pero agora quería relatar un problema. Hoxe estamos aprobando estas bases que se a ANPA mantén estes prezos pois si certamente son moi vantaxosas, pero estas bases, se a ANPA non pode soste-lo tempo eses prezos, ese financiamento de 21 euros mensuais, 210 euros anuais, porque dígo, o máximo que lle pode dar a Consellería segundo a Orde que sacou o ano pasado, este ano aínda non sacou a Orde a Consellería, é de 126 euros, co cal hai un desfase de practicamente de algo máis de..., aproximadamente de entre 83-84 euros anuais que está dándolle perdas entre ingresos e gastos á ANPA polo servizo de comedor. Co cal, ao mellor, o ano que vén estas contías que nós estamos aprobando hoxe pois quedan obsoletas polo feito de que haberá que compensar tamén esa diferenza a maiores.

E por iso, e non por outra causa, por iso, e non por outra causa (insiste), tróuxose a este pleno a aprobación igual da nominativa para compensar esas perdas e que non suscitara. Creo, ou temos noticias, de que unha vez publicados os prezos non han cambiar, pero certamente unhas perdas de 84 euros por alumno poden asumirse un ano porque teñen un remanente pero non poden asumilas no tempo; é posible que teñamos que revisar as contías o ano que vén se o servizo o segue levando a ANPA, ou se non cambian as condicións e a Xunta ao mellor financia en maior medida o servizo de comedor, a día de hoxe a súa axuda máxima pola publicación que hai actual, que a deste ano aínda non a sacaron, sacaron unha o 9 de setembro do 2024, pero a deste ano pois van con algo máis de atraso, era de 72 céntimos por alumno.

E por iso era o que quería aclarar, e vendo que estamos todos de acordo no contido das bases, todos non, perdón, ou a maioría da Corporación no contido das bases, pois é agradable poder aprobalo e desde logo non podería ser doutra maneira».

A sra. Nogareda pregunta sobre o que se acaba de dicir de que á ANPA non lle resulta rendible o comedor que se aquí o que se está a pagar é a diferenza do que non pagan as familias daquela que é o que non lle resulta rendible á ANPA; continúa o sr. Portela:

«SR. PORTELA: Non, non, vamos a ver, non estamos pagando a diferenza do que non pagan as familias. As familias pagan 740 euros anuais e nós dámoslles, en función da renda, 'bueno', sen entrar en consideracións de segundo irmán ou outra serie de bonificacións que poida haber, en función da renda ou 120 euros ou 430 euros, en función da renda; iso é o que lle damos nós ás familias. Pero hai unha diferenza entre o custe do menú e que cobran e o que lle cobran ás familias que non cubre totalmente a subvención da Xunta. Entende o que lle quero dicir? Non sei se ao mellor metín un rolo e non se decatou ningún.

Eu doume de conta, é un problema que veño intentando explicar e que nunca tiven a oportunidade de falar así tan seguido, a verdade. Esa é a realidade: o prezo do comedor son 950 euros, 95 euros ao mes, as familias pagan 74 e a Xunta financia como máximo 12,6 ao mes. Hai esa diferenza que a día de hoxe perde a ANPA e estarán dispostos a sumir durante un ano pero quero advertir que esa situación non é sostible no tempo e é posible que o ano que vén teñamos que cambiar o contido das bases. Creo que é bastante claro».

Intervén o sr. España, puntualizando que ao final o sr. Portela está a falar dun suposto que pode pasar, pero que agora estamos ao que estamos. E remata o sr. Portela:

«SR. PORTELA: Sr. España, está moi ben tomar as cousas con humor, pero creo que esta non é o máis acaído neste momento. Simplemente advertir desta situación e comentar que, quero dicir, creo que non se trasladou á cidadanía que con estas bases a ANPA tiña que financiar a maiores, é certo que o financia cun remanente que lle xerou as axudas do concello durante estes anos, aparte tamén, hai que dicilo así. Por outra parte tampouco vin que o anunciaran demasiado, creo que tamén hai que dicilo, creo non se falou ás veces destas cifras dunha forma clara e rotunda, pois é así, esa é a realidade e nós financiábase iso, 41.800 euros entre 160 alumnos, financiábase máis desa cantidade, xa xustificaban, por iso sempre sobraba esa cantidade.

En canto á súa pregunta, sra. Nogareda, se fose necesario un suplemento de crédito evidentemente que o teríamos que facer, evidentemente non dá tempo a traelo a Pleno, está aquí o sr. interventor, e a que entrase en vigor este ano pero si que o faríamos por decreto de Alcaldía, que hai suplementos de crédito, modificacións de crédito que se poderían facer, porque a cantidade non creo que



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2025/G010/000015

xere un tipo de desfase fose demasiado alta. Non o podemos saber porque non coñecemos as rendas dos solicitantes ata que teñamos todas as solicitudes e o poidamos cuantificar, pero aproximadamente, iso, ou 430 ou 120, non sabemos que porcentaxe de nivel de renda teñen cada un deles pero deberían de chegar os 20.900 euros para o 50% de todas as solicitudes, deberían de chegar para este ano.

Se fose necesaria unha modificación de crédito, pois buscaríamos, buscaríamos e intentaríamos resolvelo no tempo acaído. No é así, sr. interventor, que pode ser por decreto da Alcaldía?».

A continuación procédese a votar o asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 1 GM-PSOE e 1 NA).
- Votos en contra: 1 GM-BNG.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras cos anexos de solicitude e convocar a liña de subvencións LS 5.4 do PES 2024-2026, denominada «Bolsas de comedor baseadas na renda familiar».

Segundo.- Autorizar con carácter plurianual o gasto total por un importe máximo de 41.800 euros, que se financiará no importe de 20.900 € con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000 do Orzamento Municipal 2025, imputándose o resto no módulo de exercicios futuros ao orzamento 2026

Terceiro.- Ordenar a publicación das bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións, así como a publicación das bases e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web municipal, que se reproducen a continuación:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

AXUDAS - BOLSA COMEDOR CURSO 2025/2026

1.- OBXECTO

1.1.- O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de axudas económicas para o pago do servizo de comedor escolar xestionado por ANPAS, na modalidade presencial de luns a venres e durante o período lectivo do curso escolar 2025/2026, para o alumnado escolarizado no Concello de Sada. Ten orixe a presente liña de subvención na suprimida subvención directa que se concedía ao ANPA de Mondego para o servizo de comedor, polo que para o resto de centros escolares, incluída a escola infantil municipal, procederase ao estudo e creación, no seu caso da liña correspondente de subvencións para que o alumnado das distintas ensinanzas sostidas con fondos públicos e comedores escolares de xestión municipal do concello de Sada se atopen tratados con criterios homoxéneos e non discriminatorios.

1.2.- Para o goce das bolsas de comedor escolar será necesario que a persoa beneficiaria realice as xestións oportunas para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal.

2.- RÉXIME XURÍDICO DAS BOLSAS COMEDOR

2.1.- A convocatoria rexerase pola seguinte normativa:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2.2.- A convocatoria estará ao dispor das persoas interesadas na web municipal do Concello de Sada ([sada.gal](https://sede.sada.gal)) e na Base de Datos Nacional de Subvencións. Un extracto da convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincia (en diante BOP) da Coruña.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO DO PROGRAMA

3.1.- O crédito total destinado a esta convocatoria é de 41.800€.

A base 15 da presente convocatoria prevé a posibilidade de anticipo dun 50% da subvención concedida polo que do dito importe imputarase un máximo de 20.900 € ao exercicio do 2025 e o resto imputarase ao orzamento municipal do 2026.

A concesión efectiva do importe da bolsa de comedor imputable ao exercicio 2026 quedará condicionada a que exista crédito suficiente no orzamento municipal correspondente.

Este gasto imputarase á aplicación 326.48000 do orzamento en vigor da anualidade que corresponda. No caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou dunha maior asignación para esta finalidade, a contía adicional poderá aplicarse á concesión destas bolsas comedor, sen necesidade de aprobar unha nova convocatoria.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

4.- LÍMITE INDIVIDUAL DA SUBVENCIÓN

4.1.- A contía da bolsa ven definida polo seguinte baremo:

N.º irmáns/ás no comedor por unidade familiar	Subvención menú diario	Subvención mensual*
1	0,73	12,78
2º irmán/á	1,60	28,00
3º irmán/á	2,48	43,40
Ingresos < 7000	2,48	43,40

*175 días lectivos en 10 meses

Será por conta das persoas beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

4.2.- A axuda concedida será por un máximo de 10 meses, que corresponden á duración do curso escolar.

4.3.- A axuda concedida non cubrirá ningún gasto complementario ao servizo de comedor, como poden ser o seguro, as cotas de alta nas ANPAS ou outros conceptos que facturen as empresas prestadoras do servizo ou as entidades xestoras, que non se correspondan estritamente coa prestación do servizo de comedor.

5.- PERSOAS BENEFICIARIAS

5.1.- Poderá ser beneficiario desta convocatoria o alumnado dos centros educativos sostidos con fondos públicos localizados no municipio de Sada nos que se imparta segundo ciclo de educación infantil e primaria, que dispoñan dun servizo de comedor xestionado por ANPAS con autorización da Consellería competente para prestar o servizo de comedor escolar.

5.2.- Esta axuda non é compatible con comedores escolares de xestión municipal.

5.2.- Terá calidade de persoa solicitante a persoa asinante da solicitude (pai, nai, titor/a).

5.3.- Terá calidade de persoa beneficiaria o alumnado menor de idade.

6.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS BENEFICIARIAS

6.1.- Para ter a condición de persoa beneficiaria, o alumnado deberá reunir os seguintes requisitos que deberán manterse desde a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e ata a finalización da actividade subvencionada:

- Estar matriculado nun centro educativo do termo municipal que conte con servizo de comedor autorizado, ou ter solicitado a matrícula dentro do prazo establecido pola Consellería.
- Atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non incorrer en supostos de incompatibilidade (art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

7.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DE BOLSA COMEDOR

7.1.- Realizar as xestións oportunas coa entidade xestora do servizo de comedor para ter asignada, ao comezo do curso escolar, unha das prazas dispoñibles para a prestación deste servizo nun centro escolar do termo municipal e con asistencia continuada de luns a venres.

7.2.- Asistir ao comedor durante o período lectivo (setembro a xuño) desde a data da concesión da axuda e durante todo o período subvencionado. Os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios para comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar.

7.3.- Comunicar e xustificar as faltas de asistencia ao comedor escolar a través da plataforma que facilite a entidade xestora, sendo a ANPA quen remita un informe mensual por rexistro de entrada co detalle de nome e días das faltas de asistencia e a xustificación dada, de ser o caso, así como das variacións de altas/baixas/incidencias que podan ter lugar respecto do mes anterior. Máis de quince ausencias sen xustificar conlevará a baixa das becas comedor. Así mesmo ao comezo da prestación do servizo remitirase pola ANPA e polos mesmos medios unha listaxe coa identificación dos alumnos e alumnas inscritos.

7.4.- Cumprir coa normativa específica reguladora de cada comedor.

7.5.- Comunicar aos servizos municipais a obtención de calquera outra axuda para a mesma finalidade, xa proceda de calquera administración, entes públicos ou entidades privadas, que resulten incompatibles coa bolsa de comedor municipal.

7.6.- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe tanto o órgano outorgante como os de control financeiro, achegando a información ou documentación que se lle requira en relación co seguimento da axuda ou o exercicio das facultades de control.

7.7.- Comunicar aos servizos municipais durante o curso escolar aqueles cambios na súa situación económica ou socio-familiar que poidan supoñer cambios na puntuación que orixinalmente deu lugar á concesión da axuda.

8.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

8.1.- A bolsa comedor solicitarase presentando a documentación a través do rexistro municipal, ben de forma presencial ou a través do rexistro electrónico na sede electrónica municipal (sede.sada.gal). De xeito alternativo, a solicitude poderá presentarse por calquera dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A solicitude deberá acompañarse de:

- O anexo de solicitude específica deseñada para a convocatoria (ANEXO I), debidamente asinado pola persoa representante legal do menor que solicita a axuda.
- A documentación obrigatoria, que se sinala no apartado 10 desta convocatoria.
- A documentación complementaria, no caso de que sexa necesaria, segundo se recolle no apartado 11 desta convocatoria.

8.2.- O rexistro municipal facilitará copias desta solicitude, que tamén estará dispoñible para descarga na web municipal.

8.3.- O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

convocatoria no BOP.

8.4.- Todas as listaxes desta convocatoria que sexan obxecto de publicación, identificarán ao solicitante desta axuda referenciando o DNI/NIE da nai, pai, titor/a.

9.- CRITERIOS PARA VALORAR AS SOLICITUDES

9.1.- Na valoración comparativa das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo pola mesma a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas:

- A persoa solicitante.
- Os/as seus irmáns/ás menores de 21 anos que convivan no mesmo domicilio.
- As persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou as persoas que ostenten a súa tutela.

9.2.- A valoración das solicitudes virá determinada pola suma da puntuación obtida nos seguintes bloques:

- Situación económica da unidade familiar nuclear.
- Situación socio-familiar.

9.3.- Situación económica da unidade familiar nuclear:

9.3.1.- O cálculo da situación económica virá determinada pola renda per cápita do núcleo da unidade familiar (RPC), que se obterá como resultado de dividir a suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela, entre o número de membros da dita unidade.

9.3.2.- Para o cálculo da renda per cápita da unidade familiar nuclear atenderase a:

1. A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do último exercicio dispoñible.

Con carácter xeral: $\text{casiña } 435 + \text{casiña } 460 - \text{casiña } 595 = X$

Este resultado (X) dividirase entre o nº de membros da unidade familiar.

No caso de que a declaración fose presentada na modalidade conxunta para ambos os proxenitores, pero no caso que a configuración actual da unidade familiar no prazo de presentación das solicitudes, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse as bases anteriores ao 50%.

2. No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, será preciso o certificado de imputación de rendas do último exercicio dispoñible.
3. Unha vez fixada a renda per cápita da unidade familiar nuclear aplicaranse os seguintes baremos:

RENDA PER CÁPITA (RPC)	PUNTUACIÓN
Ata 6.000,00 €	10 puntos
De 6.000,01 € ata 7.000,00 €	8 puntos
De 7.000,01 € ata 8.000,00 €	6 puntos
Máis de 8.000,01 €	0 puntos



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

9.4.- Situación socio-familiar:

CONCEPTO	PUNTUACIÓN
Incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras	2 puntos
Acreditación de familia monoparental	2 puntos
Acreditación de familias numerosas	2 puntos

A puntuación neste apartado é acumulable.

9.5.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta automática de datos entre administracións.

O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e comprobar a puntuación obtida.

9.6.- As solicitudes serán ordenadas, establecendo unha orde de prelación de maior a menor puntuación.

9.7.- Poderán gozar da bolsa todas as solicitudes concedidas, segundo a orde de prelación resultante, ata esgotar os 41.800 € do crédito dispoñible.

9.8.- Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, estableceranse como medidas de desempate os seguintes criterios:

1. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación económica da unidade familiar nuclear.
2. Puntuación obtida no apartado de valoración incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras.
3. Maior puntuación obtida no apartado de valoración situación socio-familiar.

10.- DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

Deberá de achegarse en todas as solicitudes a seguinte documentación:

10.1- Modelo de solicitude específica para a convocatoria (ANEXO I) cuberto pola persoa solicitante (nai, pai, titor/a) da persoa beneficiaria (alumno/a).

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante acredita o cumprimento dos requisitos.

Ademais, as persoas solicitantes deberán aportar un certificado de matriculación nun centro educativo do termo municipal que conte con comedor escolar xestionado por ANPA e autorizado pola Consellería competente. No caso de que o proceso de matriculación non estivese finalizado aportarase o xustificante de solicitude de matrícula.

Coa sinatura da solicitude, autorízase ao Concello de Sada para consultar o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias:

- Estar ao corrente de pago coa Seguridade Social e a AEAT.

No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitude os certificados correspondentes.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

Na mesma solicitude asinarase unha declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias, recollidas no apartado 7 desta convocatoria.

10.2. Certificado de estar a corrente de obrigas tributarias coa Facenda galega (ATRIGA).

10.3. Copia do Libro de Familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación ou, no caso de existir outra relación coa persoa beneficiaria, a documentación xudicial ou administrativa que acredite este vínculo.

10.4.- Segundo estea atribuída ou exercida a custodia do/a menor solicitante da axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

A) Custodia atribuída ou exercida por unha persoa proxenitora:

A.1) Existencia dunha única persoa proxenitora.

Neste caso presentase copia do libro de familia completo acompañado, no seu caso, do certificado de defunción da outra persoa proxenitora.

A.2) Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante.

Presentase unha copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que acredite esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais.

B) Custodia atribuída ou exercida por dúas persoas proxenitoras:

B.1) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia compartida por sentenza xudicial. Neste caso presentase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente.

B.2) Dúas persoas proxenitoras que teñan atribuída a custodia sen sentenza xudicial. Neste caso sinalarase no anexo esta circunstancia.

10.5.- Declaración IRPF: Presentase copia da declaración da renda das persoas físicas do último exercicio dispoñible, ou ben o certificado de imputación de rendas nos casos que corresponda.

De non aportar esta documentación, a valoración que corresponda por este apartado será de 0 puntos.

11.- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS PARA A VALORACIÓN DISTINTAS DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR NUCLEAR

11.1.- Incompatibilidade horaria.

Para acreditar a incompatibilidade horaria deberá presentarse a seguinte documentación polas persoas que teñan a custodia da/o menor solicitante:

A. No caso de traballadores por conta allea, un certificado emitido pola entidade contratante, con data actualizada ao momento desta solicitude, no que consten os datos do traballador/a así como o seu horario laboral. O certificado debe contar coa firma da persoa responsable e/ou selo da empresa.

B. No caso de traballadoras/es por conta propia, deberá indicarse esta circunstancia no Anexo I, debendo achegar unha declaración responsable alegando esta incompatibilidade horaria e o informe de “situación actual do traballador”, emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

Nos casos en que exista un réxime de custodia compartida por sentenza xudicial ou convenio regulador aprobado xudicialmente, deberá acreditar a incompatibilidade a persoa proxenitora que figure como representante legal na solicitude.

Para as persoas que se queiran acoller ás circunstancias sinaladas no punto 10.4 A.1) e A.2), deberá acreditar a incompatibilidade horaria a persoa que figure como representante legal na solicitude.

11.2.- Situación socio-familiar.

- A. A situación de monoparentalidade acreditarase mediante a presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.
- B. A situación de familia numerosa acreditarase mediante a presentación da copia do título/carné expedido pola Xunta de Galicia a través da Consellería que se considere competente neste caso.

12.- PROCEDEMENTO. INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

12.1.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instructor do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecido no apartado 10 desta convocatoria.

12.2.- No caso de que se detecten defectos ou faltas na documentación presentada, requirirase ás persoas solicitantes para que nun prazo máximo de dez (10) días hábiles, que se contarán desde o seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios situado na sede electrónica do Concello, para que emenden as faltas detectadas

12.3.- Para valorar as solicitudes presentadas nomearase unha “mesa de valoración” que aplicará o baremo establecido na presente convocatoria e realizará un informe co resultado da valoración efectuada que se elevará ao órgano instructor.

12.4.- O órgano instructor formulará a proposta de resolución provisional, que, debidamente motivada, publicarase no taboleiro de anuncios municipal situado na sede electrónica do Concello.

Esta proposta indicará a listaxe de persoas beneficiarias propostas con axuda concedida, como resultado de aplicar os criterios establecidos desta convocatoria, así como as solicitudes denegadas e as que non fosen obxecto de valoración por presentarse fóra de prazo ou por ter a persoa solicitante desistido da súa solicitude.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 12.2 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que as persoas interesadas poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

13.- PROCEDEMENTO: ALEGACIÓNS, PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

13.1.- Durante o prazo de alegacións que conforme á normativa aplicable se conceda non serán tidos en conta novos documentos que non foran aportados na fase anterior.

13.2.- Despois de examinar as alegacións presentadas, a mesa de valoración realizará un informe final que se



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

Publicada a proposta de resolución definitiva nos medios indicados no apartado 12.2, as persoas propostas como beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á bolsa nun prazo de dez (10) días hábiles. Transcorrido este prazo sen producirse a comunicación da aceptación expresa por parte das persoas solicitantes, a subvención entenderase como aceptada.

13.3.- Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente resolverá a convocatoria. Esta resolución indicará as solicitudes concedidas e denegadas, as aceptacións de renuncias e desistencias presentadas, as inadmisións a trámite ou outras circunstancias.

A resolución retrotraerá os seus efectos económicos á data do inicio da prestación do servizo de comedor escolar e será notificada colectivamente mediante publicación oficial nos lugares sinalados no apartado 12.2 desta convocatoria.

13.4.- A resolución que resolva a convocatoria porá fin á vía administrativa, podendo contra este acto interpoñer as persoas interesadas os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o órgano que adopta a resolución, con carácter potestativo, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación. Non se poderá interpoñer recurso xudicial ata o momento en que se resolva expresamente ou ben se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.
- Poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa).

Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

14.- RENUNCIA, SUSPENSIÓN DO SERVIZO, BAIXA E OUTRAS CIRCUNSTANCIAS.

14.1.- As persoas beneficiarias poderán renunciar de forma expresa á bolsa concedida, debendo presentar a dita renuncia no rexistro municipal.

14.2.- Os servizos municipais proporán de oficio a baixa como beneficiario/a da bolsa comedor e a revogación da axuda concedida cando se detecte algunha das seguintes circunstancias:

- a) Ocultación de información relativa aos requisitos ou alteración das circunstancias determinantes para a concesión da axuda.
- b) Comunicación ao Concello de Sada por parte da entidade xestora do comedor, ANPA, de que a persoa beneficiaria non realizou os trámites necesarios para incorporarse ao servizo no prazo habilitado (reserva de praza, matrícula...) ou de que a realizase incumprindo as condicións e requisitos desta convocatoria.
- c) Incumprimento do réxime interno do centro educativo para o servizo de comedor.
- d) Falta de asistencia sen xustificar ao comedor, continua ou intermitente, durante máis de quince días lectivos sen motivo xustificado, salvo as excepcións mencionadas no apartado 14.3. Con esta finalidade, os servizos municipais poderán realizar controis aleatorios ou por mostraxe para



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

comprobar a efectiva asistencia dos menores ao comedor escolar, ademais de comprobar a documentación sinalada no apartado 7.3.

- e) Incumprimento das obrigas que conleva a condición de beneficiaria, ou perda do cumprimento de requisitos obrigatorios previstos nesta convocatoria (cambio a centro escolar fóra do termo municipal, cambio a un centro sen servizo de comedor, entre outros). Procederase á baixa de oficio de calquera beneficiaria na que se detecte a baixa no Padrón municipal en calquera momento desde a solicitude e ata a finalización do curso escolar.

No caso de que concorra algunha das causas anteriores, o órgano competente acordará o inicio do procedemento para a revogación parcial ou total da axuda concedida, segundo proceda, outorgando ás persoas afectadas un prazo de dez (10) días hábiles para realizar alegacións. Para a apertura deste prazo, realizarase a notificación colectiva en taboleiro de anuncios e edictos municipal, conforme o previsto no apartado 12 desta convocatoria.

Finalizado o prazo de alegacións, o órgano instructor estudará as alegacións presentadas e formulará proposta de resolución definitiva ao órgano competente para resolver.

14.3.- O goce da bolsa de comedor escolar poderá suspenderse nos seguintes casos:

- a) No caso de que concorran na persoa beneficiaria motivos médicos ou terapéuticos que impidan acudir ao comedor escolar temporalmente.
- b) Cando as persoas beneficiarias de bolsa realizasen en prazo coa empresa xestora do comedor os trámites para a incorporación ao mesmo pero esta non resulte posible por non existir prazos suficientes para cubrir a demanda do servizo.
- c) Tamén poderá suspenderse a concesión da bolsa no caso de que se produza o peche dun comedor escolar pola realización de obras ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Nos informes de seguimento mensual do programa, faranse constar as suspensións así como as circunstancias que motivaron esta suspensión para cada menor.

O goce e pago da bolsa comedor poderá reactivarse nos casos en que finalice a causa que motivou a suspensión.

15.- PAGO DA SUBVENCIÓN OUTORGADA AO PROVEDOR DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR

O pago da subvención realizarase a cada persoa beneficiaria unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e unha declaración xurada sobre a asistencia continuada coa excepción da ausencia e xustificación, no seu caso.

Co obxectivo de favorecer a conciliación e garantir unha maior axilidade no acceso ás axudas, o concello poderá adiantar ata o 50% da contía da subvención no momento da resolución favorable da concesión. O importe restante aboaráse unha vez presentadas por rexistro de entrada as facturas do comedor e a correspondente declaración xurada sobre a asistencia continuada, coa excepción das ausencias xustificadas.

16.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

16.1. Os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro coa finalidade de xestionar o procedemento de concesión da bolsa comedor, así como para informar ás



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, sendo o responsable do mesmo o Concello de Sada, de conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

16.2. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Concello de Sada, nos termos establecidos nos artigos 13 e 18 da dita Lei, a través da sede electrónica do Concello de Sada (<https://sede.sada.gal>), empregando o procedemento “Exercicio de dereitos sobre os datos de carácter persoal” que se atopa no apartado de “Outros Procedementos e Trámites”.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

ANEXO I - Solicitude Bolsa Comedor Escolar xestionado por ANPAs

DATOS DA/O ALUMNA/O SOLICITANTE

Nome:	
Apelidos:	
Número de NIF / NIE:	

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome:	
Apelidos:	
Número de NIF / NIE:	

DATOS DE CONTACTO

Dirección postal:			
Código Postal:		Municipio:	
Provincia:			
Correo electrónico:		Tlf. Móbil:	
		Tlf. Fixo:	
☐ Autorizo ao Concello de Sada a usar a miña caixa de correos electrónica como medio de comunicación de avisos ou aclaracións relacionadas coa xestión do procedemento. En todo caso, son consciente de que as notificacións realizaranse a través da canle establecida: Taboleiro de Anuncios sede electrónica: https://sede.sada.gal/sxc/gl/informacion/			

CENTRO EDUCATIVO PARA O QUE SOLICITA A BOLSA COMEDOR

Nome do centro:			
Matrícula (marque o que corresponda):	☐ A solicitante xa está matriculada	☐ Solicitou matrícula en prazo	

IRMÁNS MENORES DE 21 ANOS CONVIVENTES COA PERSOA SOLICITANTE NO NÚCLEO FAMILIAR (marque o que corresponda)

Nome e apelidos:	Data de nacemento:	Solicitante da Bolsa Comedor Escolar para o mesmo curso:
		Si ☐ Non ☐
		Si ☐ Non ☐
		Si ☐ Non ☐



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

		Si / Non
		Si ☐ Non ☐

CIRCUNSTANCIAS A TER EN CONTA PARA VALORAR A SOLICITUDE

a) Situación socio-familiar (marque o que corresponda)

Incompatibilidade horaria das persoas ao cargo, en situación de traballo por conta allea	Si ☐ Non ☐
Incompatibilidade horaria das persoas ao cargo, en situación de traballo por conta propia	Si ☐ Non ☐
Familia monoparental	Si ☐ Non ☐
Familia numerosa	Si ☐ Non ☐

b) Situación económica da unidade familiar nuclear (marque o que corresponda)

A suma do total de ingresos das persoas proxenitoras, titoras ou coa garda e custodia da solicitante, dividido polo número de persoas da unidade familiar da como resultado unha cifra:	Menor que 6.000,00€	☐
	Entre 6.000,01 e 7.000,00€	☐
	Entre 7.000,01 e 8.000,00€	☐
	Maior que 8.000,01€	☐

c) Número de irmáns da unidade familiar usuarios do comedor e nomes:

AUTORIZACIÓNS PARA CONSULTA DE DATOS DAS PERSOAS PROXENITORAS, TITORAS OU AO CARGO

Autorizo ao Concello de Sada para a consulta do cumprimento das obrigas coa AEAT e coa Seguridade Social	Si ☐ Non ☐
■ No caso de oposición a esta consulta, a persoa solicitante deberá achegar xunto coa solicitude os certificados correspondentes.	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Declaro baixo a miña responsabilidade que cumpro cos requisitos para solicitar a bolsa	Comprométome a cumprir coas obrigas da convocatoria de Bolsas para Comedor Escolar, recollidas na base reguladora núm. 7	☐
--	--	--------------------------



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

comedor e que:	Atópome ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social	☐
	Non incorro en causa de prohibición para percibir subvencións ou axudas públicas segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións	☐
	Traballo por conta propia e teño incompatibilidade horaria e presento informe de “situación actual do traballador”	☐

Sada, ____ de ____ de 20____

Sinatura da persoa representante.

6º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 25 de agosto ata o 19 de setembro do 2025 (números. 1598-1714).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 25 de agosto (número. 1598, do expediente 2025/G003/001652) ata o 19 de setembro do 2025 (número. 1714, do expediente 2025/G003/001784).

B. Mocións.

1ª.- Moción para a aprobación do plan de mobilidade sostible do concello de Sada.

A sr. Nogareda Marzoa xustifica a urxencia da moción, presentada polo seu grupo municipal Unidos por Sada (UPSA) para a aprobación do plan de mobilidade sostible do concello de Sada.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación, a sra. Nogareda dá lectura á moción, cuxo texto reproducése a continuación literalmente:

«Dona María Nogareda Marzoa, Portavoz do grupo municipal UPSA no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, en base ao disposto no art. 64.1 do ROM, en tempo e prazo oportunos para o seu debate e aprobación se procede polo pleno desta corporación, presenta a seguinte:

MOCIÓN PARA A APROBACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE SOSTIBLE DO CONCELLO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Sada conta cun Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Sada elaborado por Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriais Avanzados, asinado en febreiro de 2023, polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Rubén Nieto Seijas.

No pleno do 30.03.2023 adoptouse o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente o Plan de mobilidade sostible (PMS) do Concello de Sada.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días desde a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente o PMS se non se produciran.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal do 01.03.2023 e o informe xurídico de secretaría do 16.03.2023, que establece o procedemento a seguir para levar a aprobación o mesmo”.

Logo de presentadas alegacións no prazo de exposición ao público estas non foron resoltas, levando mais de dous anos de estancamento a análise das mesmas.

No informe técnico do 01.03.2023, presente no expediente, sinalábase a importancia de dito documento, que viña formular once proxectos estratéxicos, actuacións que posúen maior transcendencia sobre as diferentes dimensións con incidencia na mobilidade:

“1. Centro de Mobilidade en Sada: creación dun Centro de Mobilidade na Avda da Mariña, na contorna do Hotel de Sada, centralizando servizos de taxi, autobús, alugueiro e aparcamento de bicicletas, e servizos complementarios, fomentando a intermodalidade e potenciando o uso do transporte público.

2. Novas conexións en Sada: creación de novos accesos correspondentes ao enlace de desde Vía Ártabra ata a estrada AC-183, a apertura de novos viarios paralelos a Avda Barrié de la Maza que permitan desconxestionar e humanizar esta rúa, a apertura do novo viario previsto no “APR-D3.6. Rúa A Lagoa”, e novos viarios de conexión da Avda Isaac Díaz Pardo (DP-0812) coa Rúa Betanzos e a Avda Xoan Vicente Viqueira (DP-0813).

3. Eixo Cívico Fachada Marítima (avenida da Mariña e rúa da Praia): reordenación da fachada marítima de Sada, que integra o estudo realizado polo estudio de arquitectura Creus e Carrasco, aumentando a superficie peonil e reducindo o número de carrís, redefinindo a liña de DPMT, integrando paisaxisticamente o aparcadoiro. No tramo da Rúa da Praia, propónse unha plataforma compartida con zonas de parada temporais e un carril de sentido único de circulación para vehículos e bicicletas, renaturalización con arborado e incorporación de mobiliario urbano.

4. Eixo Cívico avenida de Pedro Barrié de la Maza: humanización da Avda Barrié de la Maza, procurando recuperar a calidade urbana e reducindo o fluxo e velocidade de circulación.

5. Humanización avenida da Coruña e Praza de Igrexa Nova: humanización da Avda da Coruña, recuperando a calidade urbana e reducindo a velocidade de circulación. Na praza da Igrexa Nova propónse a creación dunha plataforma única, cun sentido único de circulación para vehículos e bicicletas, e na Avda da Coruña aparcamento en espiga nun lado e en liña no outro con dobre sentido de circulación. Propónse a incorporación de arborado e mobiliario urbano.

6. Humanización zona canalización Río Maior: Ante a posible intervención destinada a reducir o risco de inundación entre a zona das Brañas e a desembocadura do río Maior, propónse unha actuación de urbanismo táctico, coa finalidade de recoller suxestións para as accións de humanización nas rúas que poidan resultar afectadas pola actuación.

7. Aparcamentos Disuasorios: implantación de aparcamentos disuasorios nos accesos a vila desde as estradas AC-183, DP-0812 e AC-163, para visitantes e turistas co obxecto de limitar o acceso do vehículo privado ao núcleo urbano.

8. Servizo de minibús: creación dun novo percorrido circular de comunicación dos núcleos de Espírito Santo, Coiro, Soñeiro, Alborelle, O Castro e Samoedo e a creación dun itinerario de comunicación do núcleo Sada coas praias de Arnela, San Pedro, e Cirro, durante os meses de verán.

9. Humanización núcleos en Sada: propónse a humanización dos centros das parroquias do Concello, procurando o calmado de tráfico, incorporación de arborado e mobiliario urbano.

10. Zona de Baixas Emisións de Sada: delimitación dos centros da Tenencia, Sada e Fontán, como zonas de Baixas Emisións. Afondando no seu carácter peonil favorecendo e fomentando os modos de desprazamento non motorizados nun entorno con restricións para a circulación e ocupación do espazo público polos vehículos motorizados.

11. Mellora da acesibilidade entre avenida da República Arxentina e Rúa da Obra: actuación destinada a construción de ramplas e a posible instalación de ascensor entre a avenida da República Arxentina e Rúa da Obra para mellorar a accesibilidade.

O período de desenvolvemento do PMS é de 10 anos, distinguindo entre accións inmediatas, a curto prazo, a medio prazo e a longo prazo.

Todas as actuacións e proxectos estratéxicos acompañanse asemade dun orzamento estimado e de posibles fontes de financiamento para a súa execución”.

Dado que é preciso e urxente que o concello conte co dito documento o grupo municipal de UPSA propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que se informe por parte do interventor municipal, no prazo legalmente establecido para a emisión de dito informe, dos pagos efectuados en relación a dito contrato de servizos de redacción do PMUS, así como da documentación xustificativa acreditativa dos traballos previa ao pago en caso de terse efectuado os mesmos, así como o axuste ou non dos pagos á normativa.

2. Que se informe por parte do responsable do contrato, no prazo legalmente establecido para a emisión de dito informe, dos motivos do retraso do expediente, así como das advertencias formuladas ao contratista e se requira á empresa que cumpriente, de ser responsabilidade dela, o traballo para poder levar a aprobación definitiva.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

3. Que se emitan os informes técnicos e xurídicos pertinentes, no prazo legalmente establecido para a emisión de ditos informes, para rematar o expediente e sometelo á votación do pleno de forma definitiva».

Interveñen o sr. España López (NA), sinalando que para ter un POS 2026 hai que empezar con pés sólidos; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) e a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen expresa que lle gusta moito a moción; a sra. Arias Ferreiro (PP); o presidente, sr. Portela Fernández (SM); novamente a sra. Arias e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA).

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1. Que se informe por parte do interventor municipal, no prazo legalmente establecido para a emisión de dito informe, dos pagos efectuados en relación a dito contrato de servizos de redacción do PMUS, así como da documentación xustificativa acreditativa dos traballos previa ao pago en caso de terse efectuado os mesmos, así como o axuste ou non dos pagos á normativa.
2. Que se informe por parte do responsable do contrato, no prazo legalmente establecido para a emisión de dito informe, dos motivos do atraso do expediente, así como das advertencias formuladas ao contratista e se requira á empresa que cumprimente, de ser responsabilidade dela, o traballo para poder levar a aprobación definitiva.
3. Que se emitan os informes técnicos e xurídicos pertinentes, no prazo legalmente establecido para a emisión de ditos informes, para rematar o expediente e sometelo á votación do pleno de forma definitiva.

2ª.- Moción para a selección proxectos POS 2026.

A sr. Nogareda Marzoa xustifica a urxencia da moción, presentada polo seu grupo municipal Unidos por Sada (UPSA) para a selección dos proxectos a incluír no Plan de obras e servizos do ano 2026 (POS 2026).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: Non se emiten.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que se aproba por unanimidade a urxencia da devandita moción.

A continuación, a sra. Nogareda dá lectura á moción, cuxo texto reproducése a continuación literalmente:

«Dona María Nogareda Marzoa, Portavoz do grupo municipal UPSA no Concello de Sada, en nome e representación do mesmo, en base ao disposto no art. 64.1 do ROM, en tempo e prazo oportunos para o seu debate e aprobación se procede polo pleno desta corporación, presenta a seguinte:

MOCIÓN PARA A SELECCIÓN PROXECTOS POS 2026

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de ver o que está a suceder coas obras incluídas nos POS da man do equipo de goberno, que está a causar severos danos e prexuízos nos recursos públicos e na vida diaria dos veciños de Sada.

Como exemplos máis recentes temos Sada y Sus contornos, que logo do procedemento xudicial, a sentenza confirma a as deficiencias na obra e rexeita a demanda da adxudicataria.

Non podemos esquecer o derradeiro pleno extraordinario e urxente, no que foron rexeitados dous proxectos que se incluíron nas mesmas circunstancias que no pleno de xaneiro, no que tamén foron rexeitados polo pleno, por constar informes desfavorables, entre outras cuestións.

Dado que existe o Plan de Mobilidade Sostible do Concello de Sada aprobado inicialmente e acaba de traerse a este pleno a continuación urxente do expediente para podelo aprobar definitivamente e que o mesmo formula once proxectos estratéxicos, actuacións que posúen maior transcendencia sobre as diferentes dimensións con incidencia na mobilidade:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

“1. Centro de Mobilidade en Sada: creación dun Centro de Mobilidade na Avda da Mariña, na contorna do Hotel de Sada, centralizando servizos de taxi, autobús, alugueiro e aparcamento de bicicletas, e servizos complementarios, fomentando a intermodalidade e potenciando o uso do transporte público.

2. Novas conexións en Sada: creación de novos accesos correspondentes ao enlace de desde Vía Ártabra ata a estrada AC-183, a apertura de novos viarios paralelos a Avda Barrié de la Maza que permitan desconxestionar e humanizar esta rúa, a apertura do novo viario previsto no “APR-D3.6. Rúa A Lagoa”, e novos viarios de conexión da Avda Isaac Díaz Pardo (DP-0812) coa Rúa Betanzos e a Avda Xoa Vicente Viqueira (DP-0813).

3. Eixo Cívico Fachada Marítima (avenida da Mariña e rúa da Praia): reordenación da fachada marítima de Sada, que integra o estudo realizado polo estudio de arquitectura Creus e Carrasco, aumentando a superficie peonil e reducindo o número de carrís, redefinindo a liña de DPMT, integrando paisaxisticamente o aparcadoiro. No tramo da Rúa da Praia, propónse unha plataforma compartida con zonas de parada temporais e un carril de sentido único de circulación para vehículos e bicicletas, renaturalización con arborado e incorporación de mobiliario urbano.

4. Eixo Cívico avenida de Pedro Barrié de la Maza: humanización da Avda Barrié de la Maza, procurando recuperar a calidade urbana e reducindo o fluxo e velocidade de circulación.

5. Humanización avenida da Coruña e Praza de Igrexa Nova: humanización da Avda da Coruña, recuperando a calidade urbana e reducindo a velocidade de circulación. Na praza da Igrexa Nova propónse a creación dunha plataforma única, cun sentido único de circulación para vehículos e bicicletas, e na Avda da Coruña aparcamento en espiga nun lado e en liña no outro con dobre sentido de circulación. Propónse a incorporación de arborado e mobiliario urbano.

6. Humanización zona canalización Río Maior: ante a posible intervención destinada a reducir o risco de inundación entre a zona das Brañas e a desembocadura do río Maior, propónse unha actuación de urbanismo táctico, coa finalidade de recoller suxestións para as accións de humanización nas rúas que poidan resultar afectadas pola actuación.

7. Aparcamentos Disuasorios: implantación de aparcamentos disuasorios nos accesos a vila desde as estradas AC-183, DP-0812 e AC-163, para visitantes e turistas co obxecto de limitar o acceso do vehículo privado ao núcleo urbano.

8. Servizo de minibús: creación dun novo percorrido circular de comunicación dos núcleos de Espírito Santo, Coiro, Soñeiro, Alborelle, O Castro e Samoedo e a creación dun itinerario de comunicación do núcleo Sada coas praias de Arnela, San Pedro, e Cirro, durante os meses de verán.

9. Humanización núcleos en Sada: propónse a humanización dos centros das parroquias do Concello, procurando o calmado de tráfico, incorporación de arborado e mobiliario urbano.

10. Zona de Baixas Emisións de Sada: delimitación dos centros da Tenencia, Sada e Fontán, como zonas de Baixas Emisións. Afondando no seu carácter peonil favorecendo e fomentando os modos de desprazamento non motorizados nun entorno con restricións para a circulación e ocupación do espazo público polos vehículos motorizados.

11. Mellora da acesibilidade entre avenida da República Arxentina e Rúa da Obra: actuación destinada á construción de ramplas e a posible instalación de ascensor entre a avenida da República Arxentina e Rúa da Obra para mellorar a accesibilidade.

O período de desenvolvemento do PMS é de 10 anos, distinguindo entre accións inmediatas, a curto prazo, a medio prazo e a longo prazo.

Todas as actuacións e proxectos estratéxicos acompañanse asemade dun orzamento estimado e de posibles fontes de financiamento para a súa execución”.

Dadas as suxestións que se teñen feito por outros grupos, sen ir mais lonxe o PP no pleno pasado puxo enriba da mesa a posibilidade de varios arranxos urxentes.

Considerando este grupo que se trata dunha cuestión urxente definir que proxectos poden ser de interese para os veciños de Sada pero á vez de viabilidade técnica, o grupo municipal de UPSPA propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Que se elabore, por parte do técnico competente, unha listaxe de posibles actuacións que poidan ter cabida nos requisitos do POS, tendo en conta o PMUS, as suxestións dos grupos e relevancia para subsanar problemas ou cuestións que eviten actuacións nun futuro que supoñan máis gasto para o Concello, coa finalidade de que os grupos podan definir as liñas dos proxectos a incluír no POS 2026 e se poida debater na seguinte CIX ordinaria.

2. Que se remita por parte dos membros do pleno calquera suxestión de actuación para que poida debaterse na seguinte CIX ordinaria».

Intervenien o sr. España López (NA); o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) e a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen expresa que lle parece moi boa proposta; a sra. Arias Ferreiro (PP); o presidente, sr. Portela Fernández (SM) e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA). Novamente o sr. España e o presidente, sr. Portela.

Intervén a secretaria:

«SECRETARIA: Quería hacer un matiz sobre esto que estaba comentando el alcalde en relación a la disponibilidad de terrenos y es que, primero, hay que estudiar el caso concreto de cada terreno porque no todos están en la misma situación y algunos se pueden incluir en el



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

Inventario, que el inventario que tenemos es bastante deficiente; aparte, el ayuntamiento incumple la obligación de tener sus bienes registrados en el Registro de la Propiedad; todo esto complica la emisión de un certificado cuando me lo piden el día anterior, que evidentemente si no está no puedo emitir un certificado favorable, pero hay algunas cosas estudiadas individualizadamente, según el terreno, que se pueden incluir y se subsana esa deficiencia y se cumple con la norma que, repito, los bienes municipales tienen que estar inscritos en el Registro de la Propiedad y en el Inventario de Bienes».

Intervén a sra. Pena e novamente a secretaria recordando o caso concreto dos terreos do pavillón.

Interveñen de novo a sra. Pena, o presidente e a sra. Arias.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (4 UPSA, 3 PP, 2 GM e 1 NA).
- Votos en contra: 7 SM.
- Abstencións: Non se producen.

Polo que queda aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Que se elabore, por parte do técnico competente, unha listaxe de posibles actuacións que poidan ter cabida nos requisitos do POS, tendo en conta o PMUS, as suxestións dos grupos e relevancia para emendar problemas ou cuestións que eviten actuacións nun futuro que supoñan máis gasto para o Concello, coa finalidade de que os grupos poidan definir as liñas dos proxectos a incluír no POS 2026 e se poida debater na seguinte CIX ordinaria.
2. Que se remita por parte dos membros do pleno calquera suxestión de actuación para que poida debaterse na seguinte CIX ordinaria.

C. Rogos e preguntas.

O concelleiro non adscrito, sr. España López, formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta quen ten a responsabilidade de solicitarlle ao Consorcio das Mariñas, responsable de seu da xestión da recollida do lixo, iguais medios en contedores para a recollida selectiva nas parroquias que os que hai no núcleo urbano de Sada, demandados polos veciños das parroquias e que pagan por igual que os que viven no centro de Sada.

2ª) Pregunta, dirixíndose en particular ao interventor, polos medios que se poden poñer por parte do Concello ou os técnicos para desatascar as obras paradas hai moito tempo da avenida do párroco Villanueva, que considera máis alá do interese xeral dunha necesidade perentoria, e que se hai que volver a licitala que se lles diga.

3ª) Pregúntalle directamente ao sr. Fariña en que situación está a licitación da contrata de limpeza viaria e xardíns, xa que di que lle consta que a xente está a traballar nisto fan o seu traballo cos medios que teñen e que son os que son pero que non se poden multiplicar e que o concelleiro delegado ao que se dirixe ten a obriga de que se cumpran as novas licitacións co persoal necesario.

O sr. Fariña Andrade, concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, contesta ás preguntas 1ª e 3ª.

O sr. España deseguido pregunta se alguén lle pode dicir algo das obras en párroco Villanueva (pregunta 2ª) xa que entende que non se pode estirar máis o prexuízo que se lles está a causar a veciños e usuarios.

Intervén o interventor, con relación á pregunta 2ª:

«INTERVENTOR: Eu xa nalgunha ocasión manifesteime ao respecto das cuestións que na quenda de rogos e preguntas están, entendo que é un control ao Goberno e desde logo non procede a realización de cuestións neste caso aos habilitados mais que xurdan por algunha dúbida que exista na propia pregunta; non teño ningún problema en contestarlle, fíxeno na Comisión Informativa, pero 'vamos', insisto que por unha cuestión de orde da sesión entendo que non procede en absoluto pero, 'bueno', en fin, na situación na que está o expediente, que, 'bueno', máis alá das certificacións que teñen sido presentadas e que se presentan na fiscalización eu non teño coñecemento exacto de como está, pero 'vamos', en principio tal como está o que procede é a resolución do mesmo e posteriormente a licitación».



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

Intervén de novo o sr. España, para concluír que daquela se hai que extinguir o actual contrato e licitar outro isto pode entrar case xa no POS do ano 2027.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai os seguintes rogos:

1º) Roga para non esquecer que se dote de recursos para lle dar valor ao lugar declarado hai unhas semanas de memoria histórica e emblemático deste concello que é o pazo de Meirás, así como que se incrementen os días de visitas xa que lle consta que hai lista de agarda.

2º) Roga que se lles faciliten ao club de fútbol Carnoedo uns contedores pequenos para o campo.

3º) Roga, con respecto da maneira de facer a limpeza do río, que por parte do Goberno municipal se lles pregunte aos investigadores na materia se realmente non é positivo, e é mellor non o tocar, non quitar plásticos ou trastes ('*enseres*') que poida haber na canle senón o verde do fondo do río, que di que semella que poida que mesmo actúe como filtrante para a auga que vai para a praia das Delicias, por exemplo.

Polo grupo municipal mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta que pasou co proxecto do parque do *Pepecho*; di que xa se falou do POS e iso andaba aí, así é que pregunta por iso.

2ª) Pregunta polo ENIL das Brañas, que di que non se falou del e que considera que realmente é outro dos puntos importantes da xestión e da política en Sada, xestionar ese lugar que cualifica de emblemático da vila, do que di que se fala pouco e que se deba sacar adiante ese espazo para o desfrute de todos os veciños e veciñas.

3ª) Pregunta se se lle pode informar con relación ao pazo de Meirás se vai haber un cambio na empresa que xestiona as visitas, licitarse doutra maneira, que algo lle chegou.

Polo grupo municipal mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), fai os seguintes rogos:

4º) Roga que se tomen as medidas necesarias para que Sada pase de ser un enorme potencial turístico, como di que así o cualificou hoxe en Sada o presidente da Xunta, a recuperar a actividade turística perdida; e que tamén se efectúe un mantemento para que estea limpa, moi limpa e coidada como non a ve agora.

5º) Roga que se intenten suavizar as pendentes de subida e de baixada das lombas da avenida da Mariña.

Polo grupo municipal mixto, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), formula a seguinte pregunta:

4ª) Pregunta se xa están cubertas todas as quendas da Policía Local.

O sr. Berrocal Fariña, concelleiro delegado dos servizos de Promoción Económica, Turismo e Participación Cidadá, contesta á pregunta 3ª, completando a resposta á dita pregunta o presidente, sr. Portela Fernández, quen deseguido contesta tamén ás preguntas 1ª, 2ª e 4ª.

Polo grupo municipal do PP, a sra. Arias Ferreiro fai unha intervención única e extensa por parte do seu grupo municipal, e tomando como referencia un suceso ocorrido na fin de semana en definitiva remata rogando que se reactive a agrupación de voluntarios de Protección Civil e preguntando, de ser o caso, para cando ha ser que se faga.

O presidente, sr. Portela Fernández, refírese tamén ao dito suceso e contesta á pregunta formulada.

Logo de que o sr. Blanco González (UPSA) lamente tamén a mala noticia do sucedido e mande as súas condolencias a familia e amigos e comente tamén que hoxe parece que todas sexan boas noticias, como as felicitacións que recibiron do sr. Graña; porque se dixo que se vai reactivar a agrupación de Protección Civil ou pola aposta que agradecen do presidente da Xunta pola rexeneración pola transformación dunha depuradora que estaba algo obsoleta, polo seu grupo municipal UPSA fai os seguintes rogos:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

1º) Roga, con respecto da licitación do contrato da depuradora que non se tarden outros catro anos e medio así como que sexa cal sexa a situación desta Corporación municipal que se faga un mantemento axeitado da dita infraestrutura.

2º) Roga, logo dos últimos desenlaces xudiciais, que por educación e por decencia rectifiquen xa máis que dos insultos, que di que xa van alá, sobre todo das palabras e comportamentos que mantiveron algúns (refírese o día da moción de censura en Sada do 18 de novembro do 2022):

«SR. BLANCO: Teño outro rogo. Este seguro que o ha contestar, diso estou segurísimo, a pesar de ser un rogo. Este non o ía facer hoxe, a verdade, pero non me gustou para nada o que dixo da miña compañeira dende hai moitos anos, porque falar de algo malintencionado cando estamos no poder da palabra como presidente desta Corporación paréceme pouco axeitado. Porque mire, sr. Portela, malintencionado ou intencionado é non contestar ás preguntas cando se lle fan, ou tardar quince minutos en contestalas para non saber quen as fai, pero despois interromper as quendas de palabra para preguntarlle á sra. Pena se vai votar a favor ou en contra cando non o dixo. Iso tampouco é intencionado ou malintencionado. É dicir, non pode falar de algo malintencionado cando vostede o practica todas as semanas.

E sobre todo malintencionado sabe o que é? Tamén vou incluír a outros membros da Corporación, doutros partidos que non son o seu, malintencionado é fretar buses de xente que non é de Sada para vir insultar e intimidar. Iso é malintencionado, sr. Portela, e iso vivímolo nós, na nosa carne, e paréceme moi ben que vostede chame a atención ao público e chame a atención á xente da Corporación; paréceme moi ben, pero vostede o outro día asistiu a unha moción de censura en Carral, na que eu tamén estaba, porque teño un amigo persoal como vostede ben sabe, e a pesar de que Javier Gestal, obviamente, xa sabe vostede que politicamente non estamos de acordo, pero tivo a valentía de mandar calar, e vostede o viu alí, en reiteradas ocasións cando non lle deixaban falar á xente que presentaba a moción, exactamente o mesmo comportamento, nótese a ironía, que fixo vostede naquel día sinalado.

Malintencionado tamén é colgar carteis, colgar carteis sobre ese día sinalado fóra da campaña electoral, e aí inclúo non só a concelleiros do seu partido, que tamén fixeron o mesmo, colgar carteis para vir a intimidar e a insultar; iso é malintencionado. E despois o único que lles vou rogar é que logo de ver os últimos desenlaces xudiciais, xa vexo que non están de acordo, pero despois desa exhibición fastuosa daquel día de insultos que recibimos polo menos teñan a educación e a decencia de rectificar, xa dos insultos ao mellor xa, 'bueno', xa van alá, pero sobre todo de palabras e de certas cousas que neste caso a Xustiza pois non lles deu a razón. Nada máis».

Polo grupo municipal UPSA, o sr. García López formula a seguinte pregunta:

1ª) Pregunta se de ser o caso de que non o estean a facer xa se hai unha data para que comecen a poder facer as funcións de enterramento polas que cobran un 'plus' os enterradores, logo das prácticas ou cursos de aprendizaxe, pois di que segue a ver que hai pagamentos por horas extra por este concepto.

Polo grupo municipal UPSA, a sra. Salorio Porral formula tamén a seguinte pregunta:

2ª) Pregunta, unha vez máis, para cando a licitación do servizo de axuda a domicilio, pola que di que levan esperando hai 18 meses.

Toma a palabra a sra. Nogareda Marzoa, voceira do grupo municipal UPSA:

«SRA NOGAREDA: 'Bueno', como hai cousas que xa saíron vou resumir bastante, sobre todo xa a estas horas que non sei como segue aquí o público; o mellor si que deberíamos de trasladar o salón plenario para a Casa da Cultura proximamente porque estamos vendo que a afluencia é maior. Pero por aclarar inicialmente, cando falamos de cuestións malintencionadas no pleno pasado vostede, sr. Portela, dixo que eran tan antidemocráticos que permitiran falar o noso grupo moito máis dos vinte e catro minutos que nos correspondía; non hai máis que mirar a vídeo acta: ocupamos vinte e dous con cincuenta e oito minutos, vinte e dous con cincuenta e oito minutos. Non, mire, os datos están aí; podemos discutir sobre interpretacións pero non imos discutir sobre datos.

E en relación a este tema ademais temos que dicir que, claro, que nos levan moitos minutos todo isto porque basicamente, como xa fixeron os meus compañeiros e tamén vou facer eu mesma agora, estou repetindo preguntas que pleno tras pleno vostedes non responden. Entón, as preguntas que facemos que non se responden no pleno previo téñenas que contestar no pleno seguinte. Como levamos, acaba de dicir a sra. Salorio, dezaioito meses polo tema do SAF e nós temos outras preguntas de varios meses continuadas, pois apelamos a esa transparencia da que falaba vostede naquela comisión informativa, dicindo que o normal era facer as preguntas nun pleno e contestalas no seguinte: pois contéstelas, contéstelas basicamente.

Sabemos que se lle fai duro escoitarnos falar pero forma parte das súas competencias como alcalde, para iso cobra tamén a súa dedicación exclusiva, e debe de ser que se lle fai bastante eterno: 'esto es lo que hay y esto es lo que toca'. Xa que non cumpre con outras cuestións que lle corresponderían polo menos cumpra con esta. Dito isto, comezamos coas preguntas de plenos pasados, así que non poña o cronómetro, non vaia ser o demo».



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

A sra. Nogareda Marzoa, polo grupo municipal UPSA, continúa a súa intervención recordando preguntas efectuadas en sesións anteriores, das que di que seguen á espera: sobre as praias e a súa relación cos bombeos, as tubaxes de fecais que van directamente ao río; se hai plan de incendios, pois a Fiscalía está a actuar; o proxecto defectuoso para as dependencias da Policía Local; os quilómetros de tubaxes cambiadas nestes 10 anos; os expedientes das beirarrúas de Meirás; o expediente de O Meu Lar; os empregados, contrato da limpeza viaria; sobre praias e verteduras puntuais ou queixas sobre ruídos na hostalaría.

A continuación, a sra. Nogareda Marzoa fai os seguintes rogos polo grupo municipal UPSA:

3º) Roga que se atenda á solicitude do seu grupo de acceso á sentenza que chama da moción de censura (refírese á sentenza núm. 154/2025, do 4 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 4 dos da Coruña no PO 11/2023, sobre Administración Local en materia de Impugnación de Plenos), sobre do que efectúa algúns comentarios.

«SRA. NOGAREDA: E xa empezamos co último. Non me vou demorar moito; agora pode empezar a controlar o seu cronómetro. Avanzouno o meu compañeiro, sentenza da moción de censura que, claro, cando se fala de insultos pois os que tivemos que aguantar nós non foron poucos e tivemos outro talante e outro saber estar. Pero resulta que agora hai unha sentenza que di que 'ni asalto a la democracia, ni ilegal, ni se daban las condiciones del transfuguismo, bla, bla bla'; curiosamente tamén pedimos acceso á sentenza e aínda non o temos, non sei por que, ao mellor para o mes que vén podemos analízala con puntos e sinais.

E o máis curioso é que están a enfocar a súa maquinaria de prensa dicindo que, claro, que hai, estima parcialmente. Chamounos curiosamente a atención que estimase parcialmente ese motivo e que fose precisamente o seu grupo, sr. Portela, o que fixese algo moi similar cando vostede estaba, porque as cantidades de soldo da mesma concelleira e a adicación era distinta pero superaban a porcentaxe igualmente. Curiosamente cando o sr. Portela era alcalde trouxo esa mesma proposta, por certo sen informes, por certo sen informes (insiste) e agora sorprendentemente denuncian o mesmo. Pois entón non sei se vostede vai denunciar tamén a súa proposta, sería interesante porque se non vale para un non vale para o outro, pero aquí xa sabemos que funciona a 'Lei do embude'».

4º) Por último, refírese ao respecto e en especial a un rogo que fixera na sesión ordinaria anterior polo comportamento que tivera un concelleiro do equipo de Goberno o día da Comisión Informativa Xeral previa á dita sesión plenaria:

«SRA. NOGAREDA: E por último, que isto si que é un rogo do pleno pasado, falando de faltas de respecto, está ben que lle chame a atención a quen lla falta neste salón plenario, pero fixémoslle un rogo sobre a actuación do seu concelleiro de Cultura concretamente: vostede calou, sr. Portela; non existe a equidistancia, poñerse de perfil, poñerse de perfil (reitera) é darlle a razón, pedimos unha dimisión, si, evidentemente, pero pedimos un cese se non é o contrario. E vostede calou, outorgou. Polo tanto, cando se fala da xente, do respecto dos que estamos aquí escollidos pola cidadanía pois tamén é interesante que deamos unha impresión de respecto e de educación ao resto da xente.

Porque tamén consideramos unha falta de respecto non responder ás preguntas, que son inxerencias que nos traslada a cidadanía a todos os grupos. Querer cortar xa inmediatamente os debates porque non nos interesan e despois só actuar, 'bueno', teño que dicir que agora tivo unha actuación que me sorprendeu e felicíto, porque increpaban a unha concelleira da bancada da dereita, como di o sr. Graña; outro día falamos e debatemos esa diferenza de criterios, esa desvirtuación das ideoloxías, porque creo que estamos un pouco desvirtuados, todos nós. Entón, maniféstese, maniféstese sr. Portela, e diga o que lle parece. Pero antes de manifestarse repase a súa documentación, non vaia ser que meta a pata ao respecto do que pasou naquela comisión Informativa».

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente:

«SR. FARIÑA: 'Bueno', en canto ao enterrador confirmar que nos falta por facer un curso aínda, se ía facer no verán, o curso de espazos confinados, que estaba contratado e houbo que suspendelo porque había moita xente de vacacións, de baixa incluso algúns, e tan pronto o fagan pois aumentarán; esa é a idea.

En canto ao bombeo de Lácere, comunicarlle que están contratados os servizos, os traballos para darlle corrente a ese bombeo pois (para) cando Naturgy, que é a encargada de facer o traballo, teña a ben vir a facelo, está todo preparado para cando queiran poidan vir».

Intervén a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego:

«SRA. MARTÍNEZ: En canto á licitación do SAF (servizo de axuda no fogar) esperamos traela canto antes; está todo máis ou menos preparado.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

SRA. SALORIO: *Creo que lo de cuanto antes llevamos 18 meses escuchándolo igualmente porque el compromiso fue del 2 de abril del año pasado.*

SRA. MARTÍNEZ: *Créame que eu son a primeira interesada.*

SRA. SALORIO: *Pues no se lo creo, no se lo creo que sea la primera; será interesada, pero no la primera».*

Intervén a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal:

«SRA. TAIBO: *Eu, respecto ao plan de prevención e defensa contra os incendios, sra. Nogareda, o concello de Sada ten menos de 20.000 habitantes e non está obrigado, estamos integrados no PLADIGA, plan de prevención e defensa contra os incendios en Galicia.*

SRA. NOGAREDA: *A pregunta é se con ese plan estamos perfectamente cubertos. Iso é o que lle estabamos preguntando.*

SRA. TAIBO: *Evidentemente si».*

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM):

«SR. PORTELA: *En canto ao expediente de sons ('sonidos') non sei a cal se refire exactamente, se me di despois, digo o que abriron cando vostede era alcaldesa, os outros si que sei como están, non sei a cal se refire cando vostede era alcaldesa, de todas formas mirarei, e os outros estanse tramitando, é dicir, certamente hai xa dúas medicións recentes que deron negativas.*

Nos rogos do transfuguismo non vou a comentar.

En canto ao rogo pola actuación do concelleiro eu teño que contestar e vou dicir que eu non o vou cesar».

Intervén o sr. Villar López (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística:

«SR. VILLAR: *Pero podo aproveitar para contestar; claro, si, claro, como non. A ver, non é unha contestación como tal, un asunto que quedou pendente efectivamente o pleno pasado, digo non é unha contestación porque non houbo unha pregunta como tal: habitualmente a sra. Nogareda cando chega a este pleno e chega esta parte non acostuma a facer preguntas atopando ou buscando neste caso unha resposta senón que o que realmente lle gusta, o que realmente lle presta é escoitarse a si mesma. Pero non é menos certo que nese pleno anterior fixo unha cantidade importante de afirmacións, mesturadas dende o meu punto de vista tamén con bastantes disparates que pois certamente precisa dunha aclaración pola miña parte como mínimo.*

Poño en situación, para alguén que seguramente non estea ao tanto, e que é certo que hai un mes nunha xuntanza posterior a unha comisión informativa a sra. Nogareda dixo que tivera un comportamento reproable que consistira en dar un golpe na mesa acompañado dunha blasfemia; é totalmente certo e non mentiu vostede en nada. Non falaba a sra. Nogareda de como e por que se chegou a tal situación, porque para ela parece ser que é algo irrelevante pero si aproveitaba a ocasión para trasladar sobre min unha imaxe dun tipo maleducado e agresivo, pretendendo obter con iso un beneficio político que sinceramente eu non acabo de atopar. Empregou termos como acoso, agresividade verbal, agresividade xestual, coa clara intención de construír un relato por se acaso é necesario nun futuro tirar de aí, quen sabe. E aproveitaba tamén para pedir que o alcalde me cese ou eu dimita directamente.

Pois ben, en primeiro lugar non sei que gañaría vostede coa miña marcha; se tan mal traballador son o mellor é que siga traballando aquí, facendo anacos a concellería e acumulando, pois iso, fracaso tras fracaso como ben sendo a tónica habitual. Así cando cheguen as eleccións de 2027 terá vostede máis posibilidades de que a xente colla a súa papeleta e non a nosa e gañar na urna. Así que confíe en min, o mellor que pode facer é deixarme quedar, porque non vaia ser que eu marche e entre alguén verdadeiramente capaz e competente e saia vostede perdendo.

En segundo lugar, que vostede solicita a miña dimisión pois entra dentro do normal; é palpable que vostede a min non me atura, verdadeiramente non hai un motivo como tal, vostede e máis eu nunca traballamos xuntos, non temos contas pendentes, non temos asuntos herdados, non temos conflitos previos. Así que o único que atopo como un motivo é que eu formo parte dunha candidatura que realmente non favorece aos seus intereses, estou case seguro que se eu fose un tipo de dereitas e formase parte da súa candidatura igual falaría de min como un traballador incansable ou incluso algo peor, como un cidadán exemplar, que é algo habitual na dereita.

Ben, silencio, por favor (a enfrente)».

Prodúcense algunhas reaccións e risas entre o público asistente. Intervén o presidente, expoñendo que o concelleiro solicitou silencio. Continúa o sr. Villar:

«SR. VILLAR: *O interrompido son eu, pido silencio por favor e a falta de respecto é a miña. Moi ben, vale. Vale, volvendo ao tema, vostede sabe que a realidade é diferente. Que este grupo que estamos aquí presentes destacamos entre outros por ser xente amable e pola nosa educación; todos e todas, e eu tamén. Eu tamén son un tipo amable e educado, pero ao mesmo tempo reivindico o meu dereito a enfadarme cando a situación así o require. E sabe vostede, e saben tamén todos os presentes naquela xuntanza naquela sala, que fixen a mesma pregunta en ton cordial por dúas veces, recibindo a indiferenza por resposta, e é certo que na terceira xa non estiven tan amable, e aproveito para pedir desculpas por ter contribuído a xerar unha situación que certamente foi incómoda para todos os que alí estabamos. Pero en todo caso, matizo, dixen ter contribuído a esa situación, pois non me sinto responsable único desa escena.*

Pero o que non sabe vostede, sra. Nogareda, é que cando fala mal de min en realidade fala mal de vostede mesma, porque amosa co seu descoñecemento sobre o meu comportamento e tamén sobre a cidadanía sobre a que pretende gobernar, que tamén formo parte desa, e



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

non se pode gobernar un pobo ao que non se coñece. De nós neste pleno xa dixo de todo, chamounos incompetentes, vagos e caciques polo menos vinte veces, neste pleno, sen saber que tales afirmacións traballan na súa contra, porque cando fai ese tipo de afirmacións amosa a persoa que realmente é: unha persoa autoritaria, unha muller maleducada, altiva e prepotente coa que ninguén quere traballar, e por ese motivo vostede está aí sentada, na bancada da oposición, e non presidindo esta mesa como lle gustaría, porque vostede non ten capacidade para gañarnos nas urnas e precisa de buscar atallos para ser de novo alcaldesa. Pero para esa aventura necesita que a acompañen e as posibles candidatas aquí presentes, aínda que teñen un rival común, non queren facer esa viaxe con vostede. Por eso motivo non chegaron a acordo en xuño de 2023 e polo mesmo motivo non chegarán a acordo en xuño de 2027, se é que pretende volver a presentarse. Porque para vostede a súa agresividade é o seu maior obstáculo.

De Benito Portela, aquí presente, todos coñecemos o seu alcume, cos seus puntos positivos e tamén cos seus puntos negativos, cos seus defectos e coas súas virtudes, como temos todos, pero el, unicamente el, é coñecido como 'bo rapaz', e vostede, que foi alcaldesa deste Concello durante oito meses, e agora mesmo ten imposible volver a selo, nunca levará tal piropro como acompañamento.

En todo caso, que unha cuestión como esta chegue a ser asunto plenario a que vostede lle adica a maior parte da súa intervención fala do pouco que lle interesan os asuntos municipais de Sada, pero é unha cuestión súa e do seu equipo, do seu partido. Tamén resulta igualmente sorprendente que a propia secretaria municipal reflicta ese suceso nun informe sobre as bolsas ('becas')-comedor cando falamos dunha reunión informal con posterioridade a un órgano colexiado co que nada tiña que ver. Se falásemos dunha acta fidedigna, e non dun relato parcial e nesgado ('sesgado'), aínda tería un pase, pero, claro, nese caso sairía eu por dúas veces formulando a pregunta de xeito amable e educado antes de verme obrigado a levantar a voz unha terceira. A escusa foi darlle contexto, pero esqueceu deliberadamente o contexto en si mesmo. Por poñer unha situación diaria sería algo así como ter un accidente e que o parte dese accidente sexa cuberto unicamente por un dos dous implicados. Pero 'bueno', en todo caso cada un emprega o seu tempo no que considera oportuno e ten as súas prioridades; iso xa o teño claro dende hai tempo.

Mire, para levarse ben comigo, para que eu me leve ben con alguén, non preciso tomar xuntos os petiscos de Nadal, non preciso compartir café nin confidencias, non preciso ter unha charla animada; para min non é necesario. Tampouco necesito que se responda ao meu saúdo ao chegar á Xunta de Goberno, aínda que non estaría de máis por unha mera cuestión de educación. E tampouco como ten feito se non me contesta aos 'e-mails', con cuestións laborais, para que me vai contestar a un saúdo que é totalmente prescindible. Pero o que tampouco necesito é a ninguén que vaia amedrentando aos traballadores e traballadoras desde Concello a base de informes e dilixencias, solicitando sancións contra eles día si e día tamén simplemente por facer o seu traballo do mellor xeito que lles é posible. E tampouco preciso que ninguén vaia minguando ('mermando') recursos municipais a base de procesos selectivos infrutuosos, por non falar xa dos que nin se convocan. Nin necesito a ninguén que xere un clima de malestar laboral tal que invite a saír deste Concello a todo canto traballador entra nel. E tamén vexo completamente prescindible que un documento tan vital como a RPT estea agochado baixo chave e que non sexa o propio alcalde o que custodie a mesma.

O que si necesito, necesito eu e tamén penso que necesita a cidadanía de Sada en xeral, é unha relación profesional cordial, xusta e ecuánime, na que ante todo se respecte a nosa lexitimidade como representantes da cidadanía democraticamente elixidos nas urnas.

Xa por último, se entre todos os traballadores e traballadoras deste Concello, que creo que son máis dun cento, penso que coñezo absolutamente a todos, atopa un, ou unha, vale o mesmo, que confirme publicamente a súa teoría de que eu son un tipo agresivo e maleducado prométole que inmediatamente poño o meu cargo á disposición do señor Portela; así xa non mo ten que pedir el.

Nada máis, non lle quero dicir nada máis. No aspecto positivo si que lle quero desexar que todo lle vaia ben no futuro no importante que ten por diante. Nada máis».

Intervén por alusións a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE):

«SRA. PENA: Por alusión. Un segundo solo. Que dijo (refírese ao sr. Villar) que todos los que estábamos en esa reunión. Uno, bueno, no era una reunión, era una Comisión Informativa; eso ya para empezar. Después, reconociste que te pusiste agresivo verbalmente y es cierto. Pero estás buscando una excusa que es porque no te han contestado a una pregunta dos veces que la hiciste. Y te recuerdo que la respuesta estaba en el informe de la secretaria; tenías que haberlo leído».

Intervén por alusións a sra. Nogareda Marzoa (UPSA):

«SRA. NOGAREDA: Si, claro, si. A primeira parte: se vostede non fose desa maneira o primeiro que facía era pedir desculpas no pleno pasado. Tivo que ocorrer o que tivo que ocorrer para vir agora cun 'discursiño' que nada aporta. Como era, sr. España, 'conjunto vacío'? Que iso non é un insulto, o que está dicindo a xente, porque xa empezou, e díxeno no pleno pasado, as actuacións de xeito pouco correcto co sr. España. Isto de, 'claro, no contexto, veu derivado por unha pregunta', como acaba de dicir a sra. Pena que xa estaba no informe, o que pasa é que vostede no le os informes, e ademais recordámoslle que a día de hoxe, non creo chamarlle incompetente, si lle demostré feitos que avalan unha incompetencia no traballo, porque eu nunca me centro na persoa, por deformación profesional, céntrome no feito, igual que falo de comportamentos caciquís, non de caciques; imos terxiversando para darlle outra volta a ese tema. E cando vostede di iso, sabe a que soa?: 'Es que lo hice porque no me diste otra salida; es que te portaste mal y te tuve que contestar así'. A que lle soa iso, a que lle soa, eh? Porque ten un nome moi claro.

E non é que atope un ou dous traballadores, non lle vou dar os nomes; esa é outra parte. Claro que vostede está aquí, di, para o mellor rédito noso, que se nós tivéssemos un interese en estar aí sentados non estaríamos dando caña todo o tempo. O noso interese é Sada, e



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Exp. 2025/G010/000015

CERTIFICACIÓN

por iso nos presentamos, por Sada. E vostede forma parte dun goberno que se ve semana tras semana, mes tras mes e ano tras ano como non se cumpren as expectativas; forma parte dese goberno, pode facer a súa carta os Reis Magos, pero o feito de que, volvo repetir, non pedise desculpas no pleno pasado e agora se vexa obrigado a facer isto para dicilo doutra maneira non significa que se lle quite gravidade ao asunto, e nós non estamos de perfil, porque o señor alcalde si se puxo de perfil o outro día e vólvese poñer hoxe, realmente, agora xa demostrou a parte na que estaba, sr. Portela.

E o de bo rapaz ímolo deixar a un lado porque ao mellor o que nós non facemos, que poderíamos, é falar de cousas e actuar da mesma maneira que ao mellor actúa o sr. Portela co resto, porque se tivéssemos o mesmo nivel de intención de fastidio ao mellor saía bastante mal parado. Como digo el dígo do resto, e falamos de algo público. Así que 'hágaselo mirar, hágaselo mirar', porque fala do respecto e hoxe pasaron todos vostedes por aquí, a excepción do sr. Portela, e ninguén saudou, e ninguén saudou (insiste). Ao mellor empezou do outro lado o non saúdo».

Interrompe o sr. García López (UPSA), para puntualizar que o sr. Berrocal (SM) tamén saudou. Prosegue a sra. Nogareda:

«SR. GARCÍA: O sr. Berrocal tamén saudou.

SRA. NOGAREDA: Perdón, pois non o vin, sr. Berrocal, desculpe; parece que vostede tamén saudou, perdón. Entón (continúa dirixíndose ao sr. Villar), mírese o embigo ('ombligo'), basicamente, mírese o embigo, deixe a idolatría e pónase a traballar, como lle dixeran o outro día, que os expedientes poden ir de dous en dous e de tres en tres e o que non ten desde logo é competencias para avaliar ningún dos informes da secretaria; 'eso parece que duele, pero la vida es así, que le vamos a hacer'».

Intervén por alusións o sr. España López (NA), intervindo tamén o sr. Villar e a sra. Nogareda:

«SR. ESPAÑA: Sí, yo por alusiones, que también estaba allí presente, quisiera decir que no fue después, fue durante la Comisión Informativa. No, no, perdona (dirixíndose ao sr. Villar), yo estaba a tu lado. Fue durante la Comisión Informativa, durante la Comisión Informativa (insiste). Se levantó la sesión; ahora porque no interesa, pero fue durante la sesión informativa. Mira, ¿sabes por que no fue después? Porque yo después tengo que ir a abrir una empresa donde mis trabajadores me están esperando; por eso sé que después no es, porque yo acabo la Comisión Informativa y me piro.

SR. VILLAR: Escoite un segundiño. É un tema irrelevante neste aspecto, a comisión informativa rematara e despois quedamos, convocados, precisamente, para falar do tema das bolsas ('becas')-comedor, certo? Foi así, exactamente; a Comisión Informativa, como tal, rematara.

SR. ESPAÑA: Pero la sra. Nogareda se refiere a las preguntas referidas (por) usted a la secretaria, en dos ocasiones no se les responde y demás, y fue durante la Comisión Informativa, donde yo vi lo que yo decía.

SR. VILLAR: Non é certo.

SRA. NOGAREDA: Pero é igual escena Comisión Informativa ou non. Parece que nos podemos 'cagar en Dios' en calquera momento informal. Ese é o resultado, e parece que non podemos pedir desculpas cando actuamos como non debemos, 'porque, claro, me obligaste; fuiste tú la provocadora'».

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas e 02 minutos do día xoves 25 de setembro do 2025, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.